

MEMORIA 2015

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

XUNTA DE GALICIA

Memoria 2015

Escola Galega de Administración Pública

Edita:

Escola Galega de Administración Pública

Ano de publicación:

2016

| | |
|--|-----|
| A Escola Galega de Administración Pública | 7 |
| Actividades para o persoal da Administración autonómica | 14 |
| Actividades para o persoal da Administración local | 306 |
| Actividades para o persoal da Administración de xustiza | 350 |
| Actividades para o PAS das universidades galegas | 385 |
| Actividades para o persoal de entidades instrumentais e institucións autonómicas | 431 |
| Xornadas, seminarios e conferencias | 461 |
| Cursos monográficos | 472 |
| Cursos superiores e de especialización | 480 |
| Actividades en colaboración | 488 |
| Publicacións | 544 |
| Biblioteca da EGAP | 552 |
| Relación de docentes | 556 |
| Resumo estatístico | 564 |

A EGAP

A EGAP é un centro oficial de docencia, de investigación e de divulgación de todas aquelas materias de interese para o persoal ao servizo da Xunta de Galicia, doutras administracións galegas e da sociedade en xeral, constituíndose como un instrumento de primeira orde para lograr a profesionalización da Función pública, acorde coas esixencias dunha sociedade democrática e do Estado de Dereito. Baixo estas premisas no ano 1987 nace a EGAP, ante a necesidade de consolidar e modernizar a Administración xurdida da configuración de Galicia como Comunidade Autónoma.



Deste xeito, a Escola Galega de Administración Pública podería definirse como:

Un **centro de docencia** que ten como principal misión a formación e a especialización do persoal ao servizo das diferentes administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia. Así, a Escola traballa para deseñar programas formativos específicos que máis alá de posibilitar a adquisición de coñecementos actualizados, lles permitan aos empregados públicos adquirir as habilidades, as técnicas e as ferramentas que precisan para desenvolver as súas funcións con maior axilidade, eficacia e eficiencia.

Un **foro de análise e de reflexión** sobre temas de actualidade incidentes nas administracións e na realidade política, social e económica que as condiciona, co gallo de fomentar o intercambio ideas e experiencias que contribúan a innovar e mellorar tanto a xestión como a propia organización administrativa. Asemade, a dinámica das xornadas e dos cursos monográficos, coa interacción entre público e relatores, é a máis axeitada para debater aspectos estratéxicos e alcanzar conclusións que poidan servir de base ás futuras políticas públicas.

Un **centro de investigación** no que poñer en marcha traballos de divulgación no eido da Administración pública que poidan axudar ao seu mellor coñecemento e á súa mellora. Deste xeito, as diversas liñas de traballo levadas a cabo susténtanse nos principios de intercambio de coñecementos, colaboración coa comunidade científica e divulgación de resultados.

Fins da EGAP:

A Lei 4/1987, do 27 de maio, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, establece como fins da Escola Galega de Administración Pública:

- Colaborar na realización das probas selectivas para o acceso á condición de funcionario ao servizo da Administración de Galicia e doutras Administracións públicas que llo encomenden, con excepción do persoal docente e sanitario.
- Organizar e impartir cursos selectivos de formación e cursos complementarios de formación, de carácter non selectivo, subseguintes ás probas selectivas, con excepción do persoal docente e sanitario.
- Organizar e impartir cursos, seminarios e outras actividades de formación e perfeccionamento do persoal.
- Realizar as probas e impartir os cursos que se establezan para a promoción interna dos funcionarios.
- Realizar as probas e impartir os cursos selectivos descentralizados para o acceso á condición de funcionarios locais "con habilitación de carácter nacional".
- Realizar as probas selectivas e os cursos selectivos ou complementarios de selección dos funcionarios dos entes locais de Galicia "sen habilitación nacional".
- A investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no terreo da Administración Pública, promovendo a súa máxima difusión.
- O establecemento de convenios e a realización de intercambios con organismos similares das Administracións públicas de ámbito estatal e internacional.
- A difusión e a normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.

Consello Reitor da EGAP:

O Consello Reitor ten atribuídas as seguintes facultades:

- a. Aprobar o Anteproxecto do orzamento anual da Escola e as súas contas.
- b. Aprobar o Plan anual de actividades, o Plan de estudos e a memoria da Escola.
- c. Darlle a conformidade aos proxectos de convenios con centros semellantes doutras administracións públicas e institucións.
- d. Propoñer a organización administrativa da escola e o seu correspondente cadro de persoal.
- e. Propoñer os programas comúns para o ingreso na Administración pública galega e emitir un informe sobre os programas específicos da selección do persoal ao servizo desta, de conformidade coa normativa aplicable en cada caso.
- f. Establecer as bases e condicións xerais de participación e acceso aos cursos ou actividades que convoque a EGAP.
- g. Elaborar e aprobar o regulamento interno da EGAP.
- h. Coñecer os asuntos que, pola súa relevancia, lle sometan ao presidente do Consello ou ao director da EGAP.



Composición do Consello Reitor:

Presidente:

- Alfonso Rueda de Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administración Pública e Xustiza

Vicepresidente:

- José M^a Barreiro Díaz, director xeral de Función Pública da Consellería de Facenda

Vogais:

- Sonia Rodríguez-Campos González, directora da Escola Galega de Administración Pública
- Miguel Corgos López-Prado, director xeral de Planificación e Orzamentos (*nomeado en xaneiro de 2015*)
- José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades (*nomeado en xaneiro de 2015*)
- Manuel Pillado Quintáns, director xeral da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia
- Alberto Pazos Couñago, director xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza
- Juan J. Martín Álvarez, director xeral de Xustiza da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza
- Luis Míguez Macho, profesor titular de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela (*nomeado en xaneiro de 2015*)
- José Luis Costa Pillado, presidente do Consello Consultivo de Galicia (*nomeado en xaneiro de 2015*)
- José Luis Carro Fernández-Valmayor, catedrático de Dereito Administrativo na Universidade de Santiago de Compostela
- Ángel Gómez-Iglesias Casal, catedrático de Dereito romano da

Universidade de Santiago de Compostela

- José Luis Meilán Gil, catedrático emérito de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña
- Ramón Máiz Suárez, catedrático de Ciencia Política e da Administración da Universidade de Santiago
- José Manuel Busto Lago, decano da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña
- Gloria Pena Uris, secretaria xeral da Universidade de Vigo (*nomeada en setembro de 2014*)
- José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación Provincial de Ourense
- Alfonso Villares Bermúdez, alcalde de Cervo. Vicepresidente Executivo da Fegamp
- Manuel Muiño Espasandín, alcalde de Zas
- Eduardo Ramonde Rodríguez, secretario xeral da Fegamp
- Plácido Cazón Lamas, funcionario da Administración local. CC.OO
- Jesús Pérez Balirac, funcionario da Administración autonómica. CIG (*nomeado en xullo de 2015*)
- José Vázquez González, funcionario da Administración autonómica. FSP-UXT
- Francisco Fernández Castro, funcionario da Administración autonómica. CSIF
- Pablo Cutrín Garabal, funcionario de Administración. CC.OO (*nomeado en febreiro de 2016*)
- Humberto Paz Rodríguez, funcionario da Administración local FSP-UXT

Secretario:

- Manuel E. Martínez Oubiña, secretario xeral da Escola Galega de Administración Pública

Actividades para o persoal da Administración autonómica

Formación en materias transversais

Este programa responde ás necesidades de formación continua dos empregados públicos da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste senso, diríxese a ofrecer un currículo básico horizontal que os capacita para desenvolver eficientemente calquera posto de traballo.

A formación transversal desempeña un papel básico na consecución dos obxectivos estratéxicos da Administración, por canto se corresponde coas competencias de carácter xenérico que conforman as bases da súa organización e do seu funcionamento.

a. Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

A regulación do silencio administrativo tras a aprobación da Lei 17/2009, do 23/11, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. FC15035

Obxectivos:

Analizar a evolución normativa da figura do silencio administrativo nas sucesivas reformas operadas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, en particular, tras a aprobación das Leis 4/1999, do 13 de xaneiro e 17/2009, do 23 de novembro.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 23 ao 26 de marzo

Prazas: 30

Contido básico:

- Análise da evolución normativa dos artigos 42, 43 e 44 da Lei 30/1992 (LRXAPAC).
- Regulación legal do silencio negativo. Implicacións para as administracións públicas. A obriga de resolución expresa prevista no artigo 42 da LRXAPAC. Os actos presuntos e o acceso á xurisdición contencioso-administrativa.
- A Lei galega 6/2001, do 29 de xuño e a Lei 14/2000, do 29 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social.
- O silencio positivo e a revisión de actos nulos obtidos pola vía do silencio.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22, do 03 de febreiro de 2015).

Aspectos básicos da xestión do persoal: a función pública de Galicia. FC15039

Obxectivos:

Dar a coñecer o marco normativo da función pública na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as súas particularidades, achegando unha visión real e práctica dos aspectos básicos da xestión de persoal na Xunta de Galicia, tales como os instrumentos de organización dos seus recursos humanos, os procedementos de selección, provisión e promoción profesional, as situacións administrativas dos empregados públicos e os seus dereitos e deberes.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 15 de abril ao 9 de maio

T02: do 15 de setembro ao 14 de outubro

Prazas: 100

Contido básico:

Bloque 1– Marco normativo da función pública galega, clases de empregados públicos e organización dos recursos humanos

- 1.1. Regulación constitucional: Distribución de competencias
- 1.2. Lexislación básica
- 1.3. Normativa autonómica
- 1.4. Clases de empregados públicos
- 1.5. Organización dos recursos humanos

Bloque 2– Selección de persoal, adquisición e perda da relación de servizo, situacións administrativas, deberes dos empregados públicos e réxime disciplinario

- 2.1. Selección de persoal: Principios reitores e requisitos xerais
- 2.2. Adquisición e perda da relación de servizo
- 2.3. Situacións administrativas do persoal funcionario
- 2.4. Excedencias do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia
- 2.5. Deberes dos empregados públicos
- 2.6. Réxime disciplinario

BLOQUE 3– Dereitos dos empregados públicos, promoción e carreira profesional, réxime retributivo, licenzas, permisos e vacacións.

- 3.1. Dereitos dos empregados públicos
- 3.2. Promoción do persoal e carreira profesional
- 3.3. Réxime retributivo
- 3.4. Licenzas, permisos e vacacións
- 3.5. Dereito á negociación colectiva

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. FC15042

Obxectivos:

Conseguir unha aproximación á lexislación financeira e orzamentaria da comunidade autónoma, de xeito que o persoal poida mellorar a súa formación en aspectos básicos da tramitación dos expedientes de gasto, modificacións orzamentarias.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 26 de maio ao 17 de xuño

Prazas: 50

Contido básico:

1. Antecedentes e relación con outra lexislación autonómica e estatal de incidencia no eido financeiro e orzamentario.
2. Estrutura do texto legislativo
3. Principios xerais e contido da facenda pública autonómica
4. O orzamento da comunidade autónoma
 - a. Concepto, contido e aprobación
 - i. Orzamento de ingresos
 - ii. Orzamento de gastos
 - b. As modificacións orzamentarias
 - i. A aplicación orzamentaria. Clasificacións económica, funcional e orgánica do gasto
 - ii. Vinculación orzamentaria
 - iii. Tipoloxía nas modificacións orzamentarias, análise de cada una delas, nivel competencial, limitacións.
 - iv. Casos prácticos
 - c. A execución orzamentaria
 - i. Fases na execución orzamentaria do gasto (concepto, competencia exemplos)
 - ii. Imputación de expedientes de gasto

- iii. Tramitación anticipada de gasto
- iv. Fases de execución do orzamento de ingresos
- v. O pagamento das obrigas públicas

5. O control interno da actividade financeira da administración autonómica e a contabilidade

- a. A función interventora; concepto, fases, tipos, os reparos e as discrepancias, omisión.
- b. O control financeiro, as auditorías
- c. A contabilidade

6. A Tesourería da comunidade autónoma

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Incompatibilidades dos empregados públicos de Galicia. FC15045

Obxectivos:

Formar os empregados das administracións públicas galegas no réxime de incompatibilidades que lles resulta de aplicación.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia

Desenvolvemento:

Duración: 18 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 6 ao 23 de abril

T02: do 1 ao 18 de xuño

Prazas: 100

Contido básico:

- I.- Normativa aplicable.
- I.- Principios xerais.
- III.- Ámbito de aplicación.
- IV.- Actividades públicas.
- V.- Actividades privadas.
- VI.- Disposicións comúns.
- VII.- Réximes especiais.
- VIII.- Réxime sancionador.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. FC15050

Obxectivos:

Perfeccionar e actualizar os coñecementos sobre a Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 25 de maio ao 14 de xuño

Prazas: 50

Contido básico:

- Módulo 1: Cuestións xerais
- Módulo 2: A organización da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Módulo 3: A potestade regulamentaria da Administración e do Goberno de Galicia. O procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral.
- Módulo 4: As entidades instrumentais do sector público autonómico.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Nocións básicas de contabilidade pública. FC15054

Obxectivos:

Adquirir a formación básica necesaria para contabilizar, analizar e interpretar a información contable pública básica.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 7 ao 21 de abril

Prazas: 25

Contido básico:

- Conceptos básicos necesarios para acometer o estudo da contabilidade pública.
- Normalización da contabilidade pública. O plan xeral de contabilidade pública.
- O marco conceptual da contabilidade pública.
- Contabilización das operacións do orzamento de gastos.
- Contabilización das operacións do orzamento de ingresos.
- Normas de recoñecemento e valoración de determinadas operacións utilizadas no sector público.
- As operacións de fin de exercicio e a información contable periódica.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Nóminas e retribucións do persoal. FC15055

Obxectivos:

Estudo das retribucións do persoal. Estrutura e conceptos. Estudo da elaboración das nóminas dende unha perspectiva práctica. Aboamento das retribucións. Listados da nómina.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, destinado nas habilitacións de persoal ou que desenvolva funcións de apoio relacionadas coa materia do curso.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 16 ao 25 de marzo

Prazas: 30

Contido básico:

1. Retribucións. Estrutura do salario (retribucións básicas e complementos).
2. Elaboración da nómina. Análise da orde de confección de nóminas.
3. Devidicación e pagamento.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

O control do Goberno e da Administración: especial referencia aos gastos orzamentarios. FC15056

Obxectivos:

- Proporcionar os instrumentos para o manexo das técnicas de control os seus instrumentos.
- Incorporar as destrezas necesarias para a comprensión do control do Goberno e da Administración en España e Galicia.
- Practicar as técnicas de control con estudo pormenorizado dos límites que o ordenamento xurídico lles marca.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 3 ao 18 de marzo

Prazas: 50

Contido básico:

- 1- Introducción: o control do Goberno e da Administración en España: Parlamento e orzamento.
- 2- Distintas manifestacións do control.
 - a) A función orzamentaria do Parlamento.
 - b) A función lexislativa: unha función constitucional que serve ao control.
 - c) A función de información e impulso: instrumentos plurifuncionais.
 - d) As funcións derivadas da relación con outros órganos de control: os Tribunais de Contas.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

O persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia: V Convenio colectivo único de persoal laboral. FC15057

Obxectivos:

Dar a coñecer as particularidades do persoal laboral ao servizo das administracións públicas. Concretamente pretende un achegamento á regulación deste tipo de empregados públicos na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través, primeiramente, dunha breve introdución da súa regulación tanto na normativa básica estatal como na autonómica que lle é de aplicación e entrando despois no estudo, dividido en dous bloques, do V Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Xunta de Galicia, prestando especial atención aos sistemas de acceso e provisión e aos dereitos destes empregados públicos.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 26 de maio ao 17 de xuño

Prazas: 50

Contido básico:

Unidade didáctica 1– Marco normativo. Clases de empregados públicos. O persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia
Unidade didáctica 2– Selección do persoal laboral, provisión de postos e organización do traballo
Unidade didáctica 3– Dereitos do persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia, réxime retributivo, licenzas, permisos e vacacións

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Obradoiro de procedemento administrativo na vía de recurso. FC15059

Obxectivos:

Que o alumnado adquira as competencias necesarias para a correcta tramitación dos procedementos administrativos na vía de recurso consonte ao previsto pola lexislación vixente e tendo en conta as principais liñas xurisprudenciais na materia.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupo A1 e A2 e dos grupos I e II, que exerzan tarefas relacionadas coa tramitación e resolución dos recursos administrativos.

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 5 ao 12 de marzo

Prazas: 20

Contido básico:

I. O procedemento administrativo na vía de recurso: significado, lexislación aplicable e cuestións previas. II. A interposición do recurso: forma, contido, prazo, lugar de interposición, efectos. III. A tramitación do recurso: impulso do procedemento, informes, trámite de audiencia, limitacións á achega de feitos e documentos novos, práctica de proba. IV. A resolución do recurso: requisitos, contido, prazo, efectos. O silencio administrativo na vía de recurso.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Política orzamentaria e desenvolvemento normativo na Comunidade Autónoma. Tributos propios e tributos cedidos. FC15060

Obxectivos:

Dar a coñecer os aspectos xerais da política orzamentaria e tributaria da Comunidade Autónoma, afondando no coñecemento das materias relativas á orzamentación do sector público autonómico e da capacidade fiscal nos tributos propios e nos tributos cedidos que configuran a política dos ingresos públicos.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia

Desenvolvemento:

Duración: 18 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 26 de maio ao 12 de xuño

Prazas: 50

Contido básico:

Parte 1: Introducción á política orzamentaria e tributaria. Aspectos xerais (3 horas)

- 1.1. Función básicas do sector público: asignación eficiente de recursos, redistribución da renda, estabilización do ciclo económico.
- 1.2. O orzamento do sector público. Definición e principios orzamentarios (principios políticos, contables e económicos).
- 1.3. O ciclo orzamentario.
- 1.4. Estrutura e contido do orzamento: clasificación do orzamento de ingresos e gastos, o saldo orzamentario e o orzamento de gastos fiscais.
- 1.5. As técnicas orzamentarias: orzamento por programas, por actividades e o orzamento base 0.
- 1.6. Análise cuantitativa da política orzamentaria e tributaria.
- 1.7. A política orzamentaria e tributaria e a descentralización autonómica.

Parte 2: Política orzamentaria e desenvolvemento normativo na Comunidade Autónoma en Galicia (5 horas).

- 2.1 O proceso de elaboración orzamentaria en Galicia.
- 2.2 Criterios xerais para a elaboración dos orzamentos en Galicia.
- 2.3. Estrutura orzamentaria.
- 2.4 O plan económico financeiro de reequilibrio da Comunidade Autónoma de Galicia 2012-2014.

2.5. Análise cualitativo e cuantitativo dos orzamentos en Galicia.

Parte 3. Política tributaria na Comunidade Autónoma en Galicia (7 horas)

3.1. Introducción á política tributaria en Galicia.

3.2. Capacidade fiscal en tributos propios e outras figuras vixentes en Galicia: Imposto sobre o xogo do bingo, canon de saneamento, imposto sobre a contaminación atmosférica, imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamento da auga embalsada e canon eólico.

3.3. Capacidade fiscal en tributos cedidos e compartidos en Galicia: Imposto da Renda das Persoas Físicas, imposto de Sucesións e Doazóns, imposto sobre o Patrimonio, Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, imposto especial sobre vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos, taxas fiscais sobre o xogo.

3.4. Análise cualitativa e cuantitativa da política tributaria en Galicia

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Réxime disciplinario do empregado público de Galicia. FC15064

Obxectivos:

Formar os empregados das administracións públicas galegas no réxime disciplinario que lles resulta de aplicación.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 3 ao 18 de marzo

T02: do 21 de setembro ao 6 de outubro

Prazas: 100

Contido básico:

I.- Normativa aplicable. II.- Principios xerais. III.- Faltas disciplinarias. IV.- Sancións disciplinarias. V.- Procedemento disciplinario. VI.- Extinción da responsabilidade disciplinaria.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Ética pública. Os códigos éticos e o código ético da Xunta de Galicia. FC15099

Obxectivos:

- a) Impulsar un cambio de valores na actuación administrativa e dos seus directivos.
- b) Promover o comportamento ético na actividade administrativa e a conduta exemplar dos responsables públicos.
- c) Dar a coñecer o código ético da Xunta de Galicia e as súas diferenzas ou analogías con outros códigos éticos da Administración

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 2

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 16 ao 19 de novembro

Prazas: 50

Contido básico:

- A ética: conceptos e marco teórico
- Ética na administración e a ética no ámbito privado
- Os códigos de conduta e a súa regulación comparativa
- Situación previa a implantación do código ético na Xunta de Galicia
- O código ético da Xunta de Galicia
- Experiencias de aplicación do código ético.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

A xurisdición contencioso-administrativa. FC15103

Obxectivos:

Dar a coñecer as fases previstas na Lei reguladora da xurisdición – administrativa, así como a determinación dos elementos básicos que caracterizan cada un dos seus procedementos especiais, proporcionando aos destinatarios instrumentos útiles tanto desde un punto de vista precontencioso como contencioso

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1 e A2.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 26 de maio ao 17 de xuño

Prazas: 50

Contido básico:

1. A xurisdición contencioso – administrativa. Notas esenciais . Estudio do seu ámbito obxectivo e subxectivo. Tribunais competentes. Duración: 4 horas.
2. As partes no procedemento. Actividade impugnabile. Prazos. Duración: 4 horas.
3. O procedemento ordinario. Duración: 3 horas.
4. O procedemento abreviado. Duración: 2 hora.
5. Os procedementos especiais . Duración: 2 horas.
6. Réxime de recursos e xustiza cautelar. Duración: 3 horas.
7. A execución forzosa. Duración: 2 horas.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Incompatibilidades dos empregados públicos de Galicia. FC15164

Obxectivos:

Formar os empregados das administracións públicas galegas no réxime de incompatibilidades que lles resulta de aplicación.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia

Desenvolvemento:

Duración: 18 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 18 de maio ao 4 de xuño

Prazas: 50

Contido básico:

- I- Normativa aplicable.
- II- Principios xerais.
- III- Ámbito de aplicación.
- IV- Actividades públicas.
- V- Actividades privadas.
- VI- Disposicións comúns.
- VII- Réximes especiais.
- VIII- Réxime sancionador.

Convocatoria:

Resolución do 15 de abril de 2015 (DOG núm. 75 do 22 de abril de 2015).

Réxime disciplinario do empregado público de Galicia. FC15173

Obxectivos:

Formar os empregados das administracións públicas galegas no réxime disciplinario que lles resulta de aplicación.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 14 ao 28 de setembro

Prazas: 50

Contido básico:

- I.- Normativa aplicable.
- II.- Principios xerais.
- III.- Faltas disciplinarias.
- IV.- Sancións disciplinarias.
- V.- Procedemento disciplinario.
- VI.- Extinción da responsabilidade disciplinaria.

Convocatoria:

Resolución do 15 de abril de 2015 (DOG núm. 75 do 22 de abril de 2015).

A xurisdición contencioso-administrativa. FC15174

Obxectivos:

Coñecer as fases previstas na Lei reguladora da Xurisdición – administrativa, así como a determinación dos elementos básicos que caracterizan cada un dos seus procedementos especiais, proporcionando aos destinatarios instrumentos útiles tanto desde un punto de vista precontencioso como contencioso

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1 e A2.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 8 ao 28 de outubro

Prazas: 50

Contido básico:

1. A xurisdición contencioso – administrativa. Notas esenciais da mesma. Estudo do seu ámbito obxectivo e subxectivo. Tribunais competentes. Duración: 4 horas
2. As partes no procedemento. Actividade impugnabile. Prazos. Duración: 4 horas
3. O procedemento ordinario. Duración: 3 horas.
4. O procedemento abreviado. Duración: 2 horas
5. Os procedementos especiais . Duración: 2 horas
6. Réxime de recursos e xustiza cautelar. Duración: 3 horas
7. A execución forzosa. Duración: 2 horas

Convocatoria:

Resolución do 15 de abril de 2015 (DOG núm. 75 do 22 de abril de 2015).

Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. FC15175

Obxectivos:

Conseguir unha aproximación á lexislación financeira e orzamentaria da comunidade autónoma, de xeito que o persoal poida mellorar a súa formación en aspectos básicos da tramitación dos expedientes de gasto, modificacións orzamentarias.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 8 ao 28 de outubro

Prazas: 50

Contido básico:

1. Antecedentes e relación con outra lexislación autonómica e estatal de incidencia no eido financeiro e orzamentario.
2. Estrutura do texto legislativo
3. Principios xerais e contido da facenda pública autonómica
4. O orzamento da comunidade autónoma
 - a. Concepto , contido e aprobación
 - i. Orzamento de ingresos
 - ii. Orzamento de gastos
 - b. As modificacións orzamentarias
 - i. A aplicación orzamentaria ; Clasificacións económica, funcional e orgánica do gasto
 - ii. Vinculación orzamentaria
 - iii. Tipoloxía nas modificacións orzamentarias, análise de cada unha delas, nivel competencial, limitacións.
 - iv. Casos prácticos
 - c. A execución orzamentaria
 - i. Fases na execución orzamentaria do gasto (concepto, competencia exemplos)
 - ii. Imputación de expedientes de gasto

- iii. Tramitación anticipada de gasto
 - iv. Fases de execución do orzamento de ingresos
 - v. O pagamento das obrigas públicas
5. O control interno da actividade financeira da administración autonómica e a contabilidade
- a. A función interventora; concepto, fases, tipos, os reparos e as discrepancias, omisión.
 - b. O control financeiro, as auditorías
 - c. A contabilidade
6. A Tesourería da comunidade autónoma

Convocatoria:

Resolución do 15 de abril de 2015 (DOG núm. 75 do 22 de abril de 2015).

Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. FC15176

Obxectivos:

Perfeccionar e actualizar os coñecementos sobre a Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 8 ao 28 de outubro

Prazas: 50

Contido básico:

Módulo 1: Cuestións xerais

Módulo 2: A organización da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Módulo 3: A potestade regulamentaria da Administración e do Goberno de Galicia. O procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral.

Módulo 4: As entidades instrumentais do sector público autonómico.

Convocatoria:

Resolución do 15 de abril de 2015 (DOG núm. 75 do 22 de abril de 2015).

O persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia: V Convenio colectivo único de persoal laboral. FC15177

Obxectivos:

Dar a coñecer as particularidades do persoal laboral ao servizo das administracións públicas. Concretamente pretende un achegamento á regulación deste tipo de empregados públicos na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través, primeiramente, dunha breve introdución da súa regulación tanto na normativa básica estatal como na autonómica que lle é de aplicación e entrando despois no estudo, dividido en dous bloques, do V Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Xunta de Galicia, prestando especial atención aos sistemas de acceso e provisión e aos dereitos destes empregados públicos.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 8 ao 28 de outubro

Prazas: 50

Contido básico:

Unidade didáctica 1- Marco normativo. Clases de empregados públicos. O persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia

- 1.1. Normativa básica estatal: o Estatuto Básico do Empregado Público.
- 1.2. Normativa autonómica: o Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia. 1.2.1. Persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia. 1.2.2. Postos de traballo que poden ser desempeñados por persoal laboral.
- 1.3. Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia

Unidade didáctica 2- Selección do persoal laboral, provisión de postos e organización do traballo

- 2.1. Selección de persoal: Principios reitores e requisitos xerais.
- 2.2. O acceso á condición de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.
- 2.3. revisión de postos de traballo.
- 2.4. Organización e dirección do traballo.

2.5. Mobilidade xeográfica.

Unidade didáctica 3- Dereitos do persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia, réxime retributivo, licenzas, permisos e vacacións

- 3.1. Dereitos establecidos na normativa básica estatal.
- 3.2. Xornada de traballo.
- 3.3. Licenzas, permisos e vacacións.
- 3.4. Excedencias do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.
- 3.5. Réxime retributivo. 3.5.1. estrutura do salario.
- 3.6. Dereitos sindicais: o Comité intercentros

Convocatoria:

Resolución do 15 de abril de 2015 (DOG núm. 75 do 22 de abril de 2015).

Aspectos básicos da xestión do persoal: a función pública de Galicia. FC15182

Obxectivos:

Dar a coñecer o marco normativo da función pública na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as súas particularidades, achegando unha visión real e práctica dos aspectos básicos da xestión de persoal na Xunta de Galicia, tales como os instrumentos de organización dos seus recursos humanos, os procedementos de selección, provisión e promoción profesional, as situacións administrativas dos empregados públicos e os seus dereitos e deberes.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 5 ao 30 de novembro

Prazas: 50

Contido básico:

Bloque 1- Marco normativo da función pública galega, clases de empregados públicos e organización dos recursos humanos

- 1.1. Regulación constitucional: Distribución de competencias
- 1.2. Lexislación básica
- 1.3. Normativa autonómica
- 1.4. Clases de empregados públicos
- 1.5. Organización dos recursos humanos

Bloque 2- Selección de persoal, adquisición e perda da relación de servizo, situacións administrativas, deberes dos empregados públicos e réxime disciplinario

- 2.1. Selección de persoal: Principios reitores e requisitos xerais
- 2.2. Adquisición e perda da relación de servizo
- 2.3. Situacións administrativas do persoal funcionario
- 2.4. Excedencias do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia
- 2.5. Deberes dos empregados públicos
- 2.6. Réxime disciplinario

Bloque 3- Dereitos dos empregados públicos, promoción e carreira profesional,

réxime retributivo, licenzas, permisos e vacacións

- 3.1. Dereitos dos empregados públicos
- 3.2. Promoción do persoal e carreira profesional
- 3.3. Réxime retributivo
- 3.4. Licenzas, permisos e vacacións
- 3.5. Dereito á negociación colectiva

Convocatoria:

Resolución do 15 de abril de 2015 (DOG núm. 75 do 22 de abril de 2015).

A custodia compartida nas crises matrimoniais. FC15185**Obxectivos:**

Coñecer a realidade práctica da evolución social e xurisprudencial da garda e custodia dos menores nos casos de crises matrimoniais. Formación dun criterio fundado sobre as vantaxes e inconvenientes da adopción do sistema de custodia compartida.

Destinatarios:

Empregados públicos e bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Traballadores e axentes sociais da Administración local, persoal dos puntos de encontro e persoal dos servizos de mediación familiar da Comunidade Autónoma.

Desenvolvemento:

Duración: 17 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 2 ao 18 de xuño

Prazas: 50

Contido básico:

1. A garda e custodia dos fillos menores: Aceptións do termo. Os efectos prácticos inherentes a custodia monoparental. Marco xurídico: a Constitución Española, o Código Civil e a Lei de Axuizamento Civil. Principios nos que descansa a atribución da custodia. O interese do menor (normativa supranacional e Ordenamento xurídico español). Os distintos criterios de atribución. A audiencia dos fillos menores.
2. A custodia compartida. Marco conceptual. Réxime do Código Civil e precisións sobre o réxime legal na custodia compartida consensuada e non consensuada. A sentenza do TS de 25 de novembro de 2013.
3. Vantaxes e inconvenientes da custodia compartida. Os distintos criterios utilizados polos Tribunais para decidir a procedencia ou improcedencia da custodia compartida. Referencia os períodos de alternancia.
4. A vivenda e a pensión de alimentos nos casos da custodia compartida.
5. A custodia compartida na xurisprudencia do Tribunal Supremo. Referencia as distintas lexislacións das Comunidades Autónomas.

A prisión provisional como medida cautelar persoal no proceso penal. FC15186**Obxectivos:**

Acadar por parte do alumno unha mellor comprensión e coñecemento da prisión provisional dende o punto de vista material e procedemental.

Destinatarios:

Empregados públicos e bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Empregados públicos de Institucións penitenciarias destinados na Comunidade Autónoma de Galicia que desenvolven tarefas relacionadas co contido do curso.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 2 ao 18 de xuño

Prazas: 50

Contido básico:

1. A prisión provisional dende as leis 13/2003, 24 de outubro e, 15/2003, 25 de novembro: Introducción. O dereito á liberdade, a presunción de inocencia e a celeridade do proceso. A regulación no Ordenamento procesual español.
2. Natureza e características da prisión provisional.
3. Funcións da prisión provisional: Os fins constitucionalmente lexítimos. Os fins ilexítimos.
4. Presupostos: Presupostos de adopción da medida. Presupostos de mantemento da medida.
5. Procedemento e tramitación
6. O Auto de prisión: resolución, notificación, execución e recursos.
7. Duración (prazo e cómputo) e modalidades (comunicada, incomunicada e atenuada) da prisión provisional.

Convocatoria:

Resolución do 15 de abril de 2015 (DOG núm. 75 do 22 de abril de 2015).

Novos retos do sector público en materia económica. FC15203

Obxectivos:

Realizar un estudo dos principais retos económicos do sector público para os próximos anos. Avaliación das políticas públicas e introdución de modelos de reforma do sector público. Valoración dos instrumentos de financiamento. Impacto micro e macro das políticas públicas.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 7 ao 21 de setembro

Prazas: 50

Contido básico:

Módulo 1: O sector público español

Módulo 2: Presuposto e ciclo orzamentario. Déficit e débeda pública

Módulo 3: A Seguridade Social

Módulo 4: Novos retos para a Facenda Estatal, Autonómico e Local

Convocatoria:

Resolución do 28 de abril de 2015 (DOG núm. 88 do 12 de maio de 2015).

Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. FC15206

Obxectivos:

Explicar e describir polo miúdo a máis recente iniciativa normativa en materia de discapacidade de ámbito estatal: o Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade da súa inclusión social.

Este texto establece que a discapacidade debe estar contemplada en todas as actuacións políticas e por todas as administracións, o que xustifica a importancia que ten o seu estudo e coñecemento para o persoal ao servizo da administración pública. O obxectivo xeral é formar a profesionais na defensa, recoñecemento e protección dos dereitos das persoas con discapacidade dende un enfoque social, xurídico e de dereitos humanos.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 15 de setembro ao 5 de outubro

Prazas: 50

Contido básico:

1 Antecedentes, xustificación e enfoque do RDL 1/2013

2 Obxecto, definición de termos básicos, principios e ámbito de aplicación da Lei

3 Os dereitos e obrigas das persoas con discapacidade

4 Igualdade de oportunidades e non discriminación

5 Infraccións e sancións

6 Outros aspectos de interese derivados do RDL 1/2013

Convocatoria:

Resolución do 28 de abril de 2015 (DOG núm. 88 do 12 de maio de 2015).

Os contratos do sector público. FC15207

Obxectivos:

Adquirir os coñecementos básicos e lograr o desenvolvemento das aptitudes e habilidades no manexo das institucións que son obxecto de estudo, facendo fincapé nos aspectos máis destacados da regulación legal da contratación pública.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 9 de setembro ao 9 de outubro

T02: do 28 de outubro ao 30 de novembro

Prazas: 100

Contido básico:

Módulo I: O Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público. Ámbito subxectivo da Lei. Configuración xeral da contratación do sector público.

Módulo II: As partes no contrato. Órgano de contratación. Capacidade e solvencia do empresario.

Módulo III: O obxecto, prezo e garantía dos contratos.

Módulo IV: A preparación e adxudicación dos contratos. A selección do contratista.

Módulo V: Efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos.

Módulo VI: O contrato de obras, servizos e subministracións. A concesión de obra pública. A xestión de servizos públicos e o contrato de colaboración público-privada.

Convocatoria:

Resolución do 28 de abril de 2015 (DOG núm. 88 do 12 de maio de 2015).

A calidade das leis. FC15210

Obxectivos:

Tomar coñecemento dos factores que inflúen na calidade do ordenamento xurídico. Manexar os instrumentos xurídicos que evitan unha mala calidade da lei. Analizar os efectos que as producen no Estado Social e Democrático de Dereito.

Destinatarios:

Funcionarios pertencentes ao Grupo A1 e A2 da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 28 de setembro ao 13 de outubro

Prazas: 50

Contido básico:

1. Concepto da calidade da lei.
2. Factores que determinan a calidade normativa: o papel da Administración.
3. Consecuencias dos defectos legislativos na calidade do sistema xurídico e no funcionamento da Administración Pública.
4. Solucións prácticas á nula construción do ordenamento xurídico.

Convocatoria:

Resolución do 28 de abril de 2015 (DOG núm. 88 do 12 de maio de 2015).

Liquidación práctica dos tributos da Comunidade Autónoma de Galicia. FC15211

Obxectivos:

Realizar un estudo dos principais tributos con competencia autonómica en Galicia, dende unha perspectiva teórica e práctica. Estudar as principais figuras impositivas no marco dos tributos propios, cedidos e compartidos en Galicia. Afondar no proceso de liquidación dos tributos

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 28 de setembro ao 13 de outubro

Prazas: 50

Contido básico:

PARTE 1: Introducción á política tributaria en Galicia

PARTE 2. Liquidación dos tributos propios en Galicia. Canon de saneamento. Imposto sobre a contaminación atmosférica. Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamento da auga embalsada. Canon eólico.

PARTE 3. Liquidación dos tributos cedidos e compartidos en Galicia. Imposto sobre Sucesións e Doazóns. Imposto sobre o Patrimonio. Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados. Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. Outras figuras tributarias. Novidades sobre os tributos cedidos e compartidos en Galicia para 2015.

Convocatoria:

Resolución do 28 de abril de 2015 (DOG núm. 88 do 12 de maio de 2015).

A transparencia da Administración e os mecanismos de información. FC15216

Obxectivos:

-Lograr cidadáns máis libres e iguais a través do acceso á información en condicións de igualdade.

-Acadar máis lexitimación dos poderes públicos mediante a maior participación cidadá nos asuntos públicos.

Destinatarios:

Funcionarios pertencentes aos grupos A1 e A2 da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 16 ao 30 de novembro

Prazas: 50

Contido básico:

1- Participación cidadá e control do poder:

1.1 Vías directas.

1.2 Vías indirectas.

2- A rendición de contas do Goberno e da Administración:

2.1 Ante a cidadanía.

2.2 Ante os representantes políticos.

Convocatoria:

Resolución do 28 de abril de 2015 (DOG núm. 88 do 12 de maio de 2015).

Nova normativa da función pública de Galicia. FC15220

Obxectivos:

Formar os empregados das administracións públicas galegas nas principais novidades da nova normativa do emprego público de Galicia.

Destinatarios:

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 10 ao 29 de xuño

Prazas: 20

Contido básico:

I- Ámbito de aplicación da nova normativa do emprego público de Galicia. As clases de persoal e, en especial, o persoal directivo. Organización do emprego público. Adquisición e perda da relación de servizo. II- Dereitos individuais e deberes dos empregados públicos. Promoción profesional e avaliación do desempeño. Mobilidade do persoal funcionario. III- Xornada de traballo, permisos, licenzas e vacacións. Dereitos económicos e protección social. Dereitos de exercicio colectivos dos empregados públicos. IV- Situacións administrativas do persoal funcionario. Réxime disciplinario. Especialidades do persoal ó servizo das entidades locais.

Convocatoria:

Resolución do 28 de abril de 2015 (DOG núm. 88 do 12 de maio de 2015).

A elaboración dos pregos de cláusulas para a adxudicación de contratos públicos. FC15230

Obxectivos:

Aprender a aplicar correctamente os aspectos teórico-prácticos que afectan á elaboración dos pregos e instrucións para adxudicar contratos na Administración pública. Ensinarlles aos participantes a redactar e a elaborar pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas adecuadas ao réxime xurídico de contratación vixente con especial atención á xurisprudencia do TJUE e á doutrina do TACRC.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Persoal funcionario e laboral que presta servizos nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas na línea a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 3 ao 18 de novembro

Prazas: 40

Contido básico:

- 1- Aspectos xerais da elaboración de pregos de cláusulas administrativas particulares.
- 2- Os pregos de compra pública estratéxica.
- 3- Procesos de negociación nos pregos de procedementos negociados.
- 4- Boas prácticas na elaboración de pregos de contratación de servizos.
- 5- Pregos de contratación centralizada.
- 6- Os pregos de prescricións técnicas particulares.

Convocatoria:

Resolución do 28 de abril de 2015 (DOG núm. 88 do 12 de maio de 2015).

A Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia. FC15272

Obxectivos:

- Explicar o alumnado os elementos estruturais da nova lei de emprego público de Galicia
- Valorar os cambios e a súa repercusión en relación a normativa anterior.
- Estudar o impacto desta lei sobre a modernización da administración pública e o recoñecemento dos empregados públicos.

Destinatarios:

O persoal ao servizo das Administracións Públicas en Galicia

Desenvolvemento:

Duración: 20

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

x

Prazas: 50

Contido básico:

Módulo 1. O obxectivo da Lei 2/2015. Os principios reitores, ámbito de aplicación e o órganos administrativos competentes en materia de persoal.

Módulo 2. O servizo do emprego público.

Módulo 3. Os dereitos, as situacións administrativas e o réxime disciplinario dos empregados públicos.

Módulo 4. Comparativa coa normativa anterior. Modificacións relevantes. O impacto sobre a modernización da Administración e os seus empregados.

Convocatoria:

Resolución 29 de setembro de (DOG núm. 191 do 6 de outubro de 2015).

b. Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios

Administración pública e loita contra a discriminación: fundamentos europeos e praxe administrativa. FC15038

Obxectivos:

A UE ven desenvolvendo un vizoso corpo xurídico de loita contra a discriminación por razón de sexo, nacionalidade, discapacidade, orientación sexual, idade e outras diversidades que é interpretado e ampliado pola xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da UE. A loita contra as prácticas discriminatorias ven ademais reforzada pola supervisión da correcta execución dos Fondos europeos. A difusión e coñecemento deste corpo xurídico resulta básico para unha correcta xestión administrativa a prol da igualdade entre os cidadáns consonte estándares europeos.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1, A2, C1, I, II e III.

Desenvolvemento:

Duración: 24 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 14 ao 30 de abril

Prazas: 25

Contido básico:

- 1) A Carta dos Dereitos Fundamentais da UE: Xénese e aplicación.
- 2) Especial protección das persoas con discapacidade no Ordenamento europeo.
- 3) Loita contra as discriminacións: idade, xénero, orientación sexual, raza, nacionalidade, relixión e outras.
- 4) Modalidades indiciarias de discriminación.
- 5) Dereito socio-laboral europeo.
- 6) Axudas e subvencións de natureza social.
- 7) Mecanismos de resposta e aplicación efectiva dos dereitos sociais europeos: o rol da Administración.
- 8) Perspectivas de evolución.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Cooperación transfronteiriza e cohesión. FC15041

Obxectivos:

A necesidade de afondar na cooperación galaico-portuguesa require un mellor coñecemento entre os empregados públicos do marco normativo, os instrumentos orzamentarios e as iniciativas existentes. A coordinación administrativa para mellorar a prestación de servizos públicos aos cidadáns da euro-rexión Galicia-Norte de Portugal é requisito indispensable para xestionar de xeito eficiente os recursos europeos e máis os recursos propios que cofinancian aos devanditos servizos. Iniciativas como a euro-cidade Verín-Chaves ou Tui-Valença abren novas vías de xestión conxunta que cómpre entender.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1, A2, C1, I, II e III.

Desenvolvemento:

Duración: 24 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 2 ao 25 de marzo

Prazas: 50

Contido básico:

- 1) Orixe e evolución da cooperación territorial europea: a experiencia galega.
- 2) Estrutura e funcionamento da Administración portuguesa.
- 3) Panorámica de Fondos da UE.
- 4) Financiamento de obxectivos de cooperación territorial.
- 5) Xestión de proxectos de cooperación territorial.
- 6) Novos instrumentos de cooperación: as agrupacións europeas de cooperación territorial.
- 7) Boas prácticas en cooperación transfronteiriza.
- 8) Experiencias doutras euro-rexións.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Dereito da UE para a xestión administrativa de fondos europeos. FC15043**Obxectivos:**

Os novos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (Fondos EIE) para o período 2014-2020 lembran a necesidade de cumprir o Dereito da UE nas operacións apoiadas polos devanditos Fondos (art. 6 do Regulamento UE 1303/2013, de disposicións comúns e xerais relativas aos Fondos). O incumprimento dese dereito fóra do marco estrito da Política de Cohesión pode malograr axudas e investimentos cofinanciados pola UE, de aí que sexa imprescindible coñecer as disposicións máis relevantes para garantir unha correcta xestión administrativa deses recursos.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1, A2, C1, I, II e III.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 2 ao 25 de marzo

Prazas: 25

Contido básico:

- 1) Contexto dos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (FEIE): Estratexia Europa 2020.
- 2) Controis de cumprimento do Dereito da UE.
- 3) Procedementos de infracción e FEIE.
- 4) Normas transversais ambientais.
- 5) Normas transversais anti-discriminación.
- 6) Normas transversais de mercado interior.
- 7) Normas transversais de competencia: axudas públicas.
- 8) FEIE e novas Directivas de contratación pública.
- 9) FEIE e Directivas non transpostas ou inaxeitadamente transpostas.
- 10) Xurisprudencia europea.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Introdución á Unión Europea e ao seu dereito. FC15048**Obxectivos:**

Ofertar unha aproximación inicial á materia comunitaria por parte dos empregados públicos que aplican políticas, programas e iniciativas comunitarias mediante a realización de controis ou a tramitación dos correspondentes procedementos administrativos. Deste xeito obterase unha familiarización co vocabulario e os conceptos básicos de acervo comunitario, para a súa posterior explicación aos cidadáns. Tamén se fomentará o manexo de ferramentas, bases de datos e recursos que faciliten a pescuda de información comunitaria complementaria.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia dos grupos C1, C2, III e IV.

Desenvolvemento:

Duración: 24 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 14 de abril ao 7 de maio

Prazas: 50

Contido básico:

- 1) Historia da construción europea.
- 2) Sistema institucional da UE.
- 3) Sistema xurídico da UE.
- 4) Dereito da UE e procedemento administrativo.
- 5) Fondos europeos e subvencións públicas.
- 6) Políticas sectoriais con maior incidencia en Galicia (I).
- 7) Políticas sectoriais con maior incidencia en Galicia (II).
- 8) Fontes de información europea.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Introdución ao dereito ambiental europeo. FC15049**Obxectivos:**

O Dereito medioambiental da UE condiciona hoxe unha chea de iniciativas das Administracións Públicas, tanto en materia de fomento, como de policía administrativa. Por iso resulta imprescindible unha aproximación transversal ao mesmo, para obter unha visión de conxunto e integrada, así como para evitar a apertura de procedementos de infracción pola Comisión. O seu coñecemento é ademais especialmente indispensable para a correcta xestión de Fondos da UE que cofinancian investimentos, axudas e programas públicos, que poden ter que ser reintegrados se non se cumpre a normativa europea.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1, A2, C1, I, II e III.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 4 ao 26 de maio

Prazas: 25

Contido básico:

- 1) Orixe e evolución da política ambiental europea.
- 2) Natureza e características das disposicións ambientais da UE.
- 3) Directivas ambientais horizontais.
- 4) Directivas de protección das augas.
- 5) Directivas de protección atmosférica e prevención da contaminación acústica.
- 6) Directivas de xestión racional do espazo e os recursos naturais.
- 7) Directivas de conservación da fauna e a flora.
- 8) Directivas de xestión dos residuos.
- 9) Control da Comisión Europea e procedementos de infracción comunitaria.
- 10) O Dereito medioambiental da UE e os fondos europeos.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

O principio de subsidiariedade no dereito da Unión Europea, o seu control. FC15058**Obxectivos:**

- Lograr que a toma de decisións teña lugar o máis perto dos cidadáns (art. 3B Tratado da CE)
- Tomar conciencia dos mecanismos de control de efectividade do principio que están a disposición das rexións europeas.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 20 de maio ao 3 de xuño

Prazas: 50

Contido básico:

- 1- O principio de subsidiariedade e de proporcionalidade: o seu alcance.
- 2- O Dereito da Unión Europea e a súa aplicación no Dereito interno.
- 3- As competencias autonómicas en acción exterior: o papel da Xunta de Galicia.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

O recurso por incumprimento e a responsabilidade das comunidades autónomas. FC15104

Obxectivos:

A Unión Europea é unha unión de dereito na que os seus estados teñen que garantir a observancia do seu ordenamento xurídico dentro dos seus respectivos territorios, con independencia da distribución interna de competencias entre as súas diferentes Administracións Públicas. A este fin, resulta fundamental que o persoal coñeza a transcendencia e as consecuencias da inobservancia do dereito da Unión Europea. O obxectivo deste curso é preparar aos empregados públicos para facer fronte a procedementos de infracción instruídos pola Comisión Europea, de modo que se eviten ou minimicen os reintegros financeiros e as sancións que tivese que afrontar ante a UE.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 27 de maio ao 15 de xuño

Prazas: 50

Contido básico:

Prevalencia do Dereito da UE fronte ao Dereito interno: fundamentos e evolución xurisprudencial.

O procedemento de infracción: iniciación, fase Pilot e fases regradas.

Áreas máis comúns de fricción coa Comisión Europea.

Incumprimento e Fondos da UE.

Mecanismos coercitivos da UE.

Responsabilidade do Estado e distribución interna de competencias.

A responsabilidade das Comunidades Autónoma por incumprimento do Dereito da UE: evolución e situación actual.

Particularidades en materias de axudas e subvencións.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Dereito administrativo económico: novos procedementos e novos modelos de xestión. FC15224

Obxectivos:

A superación da crise económica ven esixindo, co estímulo da UE, a aprobación de novas leis e a adaptación dos procedementos encomendados á Administración pública para simplificar a xestión, reducir as cargas administrativas e xerar valor engadido na acción de fomento. Este novo marco xurídico ten en común a consecución dos obxectivos de modernización establecidos a nivel europeo.

Destinatarios:

Funcionarios e persoal laboral pertencentes ao Grupo A1, A2, C1, I, II, III da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 22 de setembro ao 29 de outubro

Prazas: 25

Contido básico:

A resposta europea á crise económica: incidencia en España e Galicia.

2) Os Programas Nacionais de Reformas e a UE: simplificación administrativa.

3) Reforma da Lei de Réxeme Xurídica das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común: do control previo ao control a posteriori.

4) Normas a prol da sustentabilidade económica: Ley 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostenible e Ley 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social.

5) Normas a prol da estabilidade orzamentaria: Ley Orgánica 3/2012, de 25 de julio, por la que se autoriza la ratificación por España del Tratado de Estabilidad, Coordinación y Gobernanza en la Unión Económica y Monetaria. L.O. 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera e referencias autonómicas.

6) Unidade de mercado e coordinación administrativa no Mercado Interior europeo: Ley 20/2013, de 9 de diciembre, de garantía de la unidad de mercado.

7) Mellora do emprendemento: Ley 14/2013, de 27 de septiembre, de apoyo a los emprendedores y su internacionalización e Lei 9/2013, de 19 de decembre, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. Ley 4/2014, de 1 de abril, Básica de las Cámaras Oficiales de Comercio, Industria, Servicios y Navegación.

- 8) Medidas de racionalización administrativa: Ley 15/2014, de 16 de septiembre, de racionalización del Sector Público y otras medidas de reforma administrativa e Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- 9) Reforma dos servizos profesionais e a súa xestión administrativa.
- 10) Experiencia comparada na UE.

Convocatoria:

Resolución do 28 de abril de 2015 (DOG núm. 88 do 12 de maio de 2015).

Fundamentos de economía para a xestión pública. FC15228

Obxectivos:

O obxectivo é familiarizar ao empregado público cos fundamentos da ciencia económica, aprender a manexar correctamente os seus termos básicos e avaliar custes e resultados das iniciativas públicas. Isto será útil para interpretar axeitadamente os textos normativos que regulamentan a actividade económica dende diversas perspectivas, participando os empregados públicos na súa aplicación mediante a instrución de procedementos ou a realización de controis, así como contribuír a elaborar memorias e informes económicos sobre a acción administrativa.

Destinatarios:

Funcionarios e persoal laboral pertencentes ao Grupo A1, A2, C1, I, II, III da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 24 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 10 de novembro ao 3 de decembro

Prazas: 25

Contido básico:

- 1) Introducción á economía.
- 2) Estrutura e institucións económicas.
- 3) O mercado: oferta e demanda.
- 4) Galicia na UE: evolución e perspectivas.
- 5) Política económica europea.
- 6) O mercado interior europeo.
- 7) Axudas públicas e efecto incentivador: regulacións europeas.
- 8) Política fiscal e condicionantes da UE.

Convocatoria:

Resolución do 28 de abril de 2015 (DOG núm. 88 do 12 de maio de 2015).

c. Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

A calidade da redacción administrativa. Técnicas para melloralas. FC15028

Obxectivos:

O curso oríentase a mellorar as destrezas lingüísticas da escritura en lingua galega co fin de potenciar a calidade na redacción e estrutura dos textos, así como a súa eficacia comunicativa.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1, A2, C1, I, II e III.

Desenvolvemento:

Duración: 18 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 3 ao 23 de marzo

T02: do 6 ao 23 de abril

Prazas: 100

Contido básico:

- 1 Principios xerais para unha boa redacción: claridade, concisión, precisión e adecuación aos destinatarios.
- 2 A escolla do rexistro adecuado.
- 3 O respecto pola ortografía e a gramática.
- 4 O proceso de escritura: planear, redactar e revisar.
- 5 A estrutura dos escritos:
 - 5.1 Modelos predeterminados.
 - 5.2 Correcta ordenación do texto en parágrafos e frases.
- 6 A construción do parágrafo.
- 7 A construción da frase.
- 8 A escolla das palabras.
- 9 Uniformidade na aplicación de convencións ortotipográficas.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

A creatividade, unha gratificante ferramenta de xestión. FC15030

Obxectivos:

Aprender a incorporar métodos e estratexias creativas nas labores de xestión e dirección.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 25 ao 28 de maio

Prazas: 12

Contido básico:

CONTIDOS TEÓRICOS:

¿Qué é a creatividade?

¿Qué é a innovación?

Perfiles do/a creativo/a e do dinamizador/a da creatividade.

Como superar as barreiras á creatividade.

Técnica para identificar problemas: análise dimensional.

Técnicas de visualización creativa: mapa mental, diagrama causa-efecto, seis sombreiros para pensar.

Técnica de redefinición de problemas: SCAMPER.

Técnicas para xerar alternativas de solución: remuíño de ideas (brain-storming), 6.3.5, pool de ideas.

Outras técnicas:

Proxectos de visión futura: visualización

Técnica de diagnóstico: diagrama de Pareto.

CONTIDOS PRÁCTICOS:

Exercicios sobre cada unha das técnicas creativas para ensaiar e “aprender facendo”.

Ximnasia creativa.

Recuncho para a creatividade e innovación a través de internet.

CONTIDOS RELACIONADOS COA PROFESIONALIDADE:

Actitude de busca da calidade permanente no traballo.

Flexibilidade e actitude de apertura a novas realidades.

Capacidade comunicativa e empática.

Habilidade para a apreciación doutros puntos de vista.

Actitude de busca de información complementarias ou de combinar fontes de información distintas.

Para a superación da acción formativa Creatividade, unha gratificante ferramenta de Xestión será imprescindible, aprobar cada un dos aspectos avaliados, é dicir, terá que acadar como mínimo unha nota de 5, en contidos teóricos, contidos prácticos e contidos relacionados coa profesionalidade de maneira independente.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

A elaboración de disposicións de carácter xeral: técnica normativa e correcta redacción das normas. FC15031

Obxectivos:

- Proporcionar os instrumentos para o manexo da técnica normativa e os seus instrumentos.
- Incorporar as destrezas necesarias para a correcta redacción das normas.
- Practicar as técnicas de elaboración normativa con estudo pormenorizado dos límites que o ordenamento xurídico lles marca.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 16 ao 27 de marzo

Prazas: 20

Contido básico:

1. Reflexións xerais acerca da función lexislativa.
2. Factores a ter en conta.-
3. Tramitación procedemental: a súa problemática.
 - 3.1. A planificación lexislativa.
 - 3.2. A publicidade das normas.
4. A visión parlamentaria da técnica lexislativa e os seus efectos.
5. Poder xudicial e aplicación normativa do corpus normativo.
6. Fontes do Dereito e canles de produción xurídica.
7. O procedemento lexislativo no Parlamento de Galicia: as súas implicacións na correcta factura das leis autonómicas.- I.-A iniciativa lexislativa. II.- A tramitación inicial dos proxectos de lei. III.A tramitación inicial das Proposicións de Lei. IV.A sustanciación común dos textos lexislativos.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Actualización gramatical e ortográfica da lingua galega. FC15037

Obxectivos:

Garantir a calidade lingüística elemental das producións textuais emanadas da administración.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 30

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 19 de maio ao 11 de xuño

Prazas: 30

Contido básico:

1. A acentuación: regras e casos especiais; o til diacrítico / 2. O artigo: contraccións; uso da primeira ou segunda forma / 3. Formación do plural e do xénero: regras de uso; casos dubidosos / 4. O pronome: colocación do pronome átono; uso das formas te e che; contraccións / 5. O verbo: tempos verbais; principais erros nos paradigmas verbais / 6. Grupos cultos e terminacións: -cio/-zo, -cia/-za; -aría/-ería; -ble/bel; -cc-/-ct- / 7. Os signos de puntuación: usos e principais erros

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Desenvolvemento e fomento das habilidades comunicativas na Administración pública. FC15044

Obxectivos:

- Crear unha imaxe única realizando os puntos fortes e evitando os débiles.
- Usar todas as potencialidades da comunicación non verbal e a voz.
- Recoñecer e aproveitar as emocións máis axeitadas para cada unha das partes do discurso.
- Dominar a estrutura do discurso.
- Adquirir confianza no propio discurso, evitando bloqueos.
- Dominar todos os escenarios de comunicación.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia dos subgrupos A1 e A2.

Desenvolvemento:

Duración: 24 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 4 ao 20 de maio

Prazas: 25

Contido básico:

Gozar de falar en público: o discurso CIEN %.
 A comunicación e a confianza para o alto rendemento.
 Roldas de prensa, declaracións e entrevistas.
 Conversas poderosas: influír, desenvolver persoas e toma de decisións.
 Coaching en equipo.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Informática básica. FC15047

Obxectivos:

Introducir aos alumnos nos conceptos básicos da informática. Coñecemento xeral das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC), con especial referencia aos sistemas informáticos e ás redes de telecomunicación. Conceptos sobre a aplicación da informática no ámbito da administración Autonómica.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 25 de maio ao 9 de xuño

Prazas: 20

Contido básico:

1. Introducción á informática:
 - 1.1 Conceptos básicos. 1.2 Hardware e software. 1.3 Ferramentas básicas do sistema operativo
2. O Procesador de textos:
 - 2.1 Manexo básico de Microsoft Word. 2.2 Manexo básico de OpenOffice Write.
3. A folla de cálculo:
 - 3.1 Manexo básico de Microsoft Excel. 3.2 Manexo básico de OpenOffice Calc.
4. Acceso a internet:
 - 4.1 O navegador web. 4.2 O correo electrónico.
5. Rede de computadores. Servizos da rede corporativa da Xunta de Galicia:
 - 5.1 Dominio da Xunta de Galicia. 5.1 A intranet corporativa e os seus servizos.
6. Conceptos básicos sobre a seguridade da información e os fundamentos éticos e xurídicos das TIC:
 - 6.1 Riscos no uso de Internet e o comercio electrónico. 6.2 Documentos electrónicos e protección de datos de carácter persoal (LOPD).

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Liderado e intelixencia emocional. FC15051

Obxectivos:

Apoiar á innovación e a xestión do cambio, facilitando ferramentas para a autoxestión, modelos de comunicación cos colaboradores externos e internos, creando todo isto a cultura e o clima adecuados para o desenvolvemento de todo o equipo da empresa.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 20 ao 29 de abril

Prazas: 20

Contido básico:

- Xestión eficaz do tempo.
- Intelixencia emocional: a mellor versión dun mesmo.
- Negociación: o poder da alianza.
- Xestión de conflitos.
- Ferramentas de coaching para a dirección.
- Estilos de comportamento.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Manual de estilo do DOG e outras publicacións institucionais. FC15053

Obxectivos:

O obxectivo do curso é divulgar o Manual de estilo, elaborado polo Servizo de Tradución, entre todo o persoal da Administración autonómica. Ao final do curso, os alumnos estarán capacitados para manexar o manual e aplicar as súas pautas a todos os textos que se publiquen no DOG e tamén ás publicacións institucionais en calquera formato, papel ou electrónico. O obxectivo é conseguir textos de calidade e uniformar no posible usos lingüísticos que ata agora presentaban contradicións.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Persoal funcionario e laboral que presta servizos nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas na alínea a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 2 ao 22 de marzo

Prazas: 50

Contido básico:

- 1.-Formato dos documentos
 - Normas xerais para todos os textos. Formato electrónico
 - Tipos de letra, interliñados e xustificación
 - Distribución do texto: cabeceira, corpo, peche, anexos
 - Listas, táboas e imaxes
 - Subdivisión dos textos normativos: títulos, capítulos, seccións e artigos
- 2.-Normas de estilo e redacción
 - Os idiomas da redacción: normativa aplicable a cada un deles
 - Estilo da redacción. Xénero. Número. Abreviación
 - Linguaxe non sexista. Acentuación gráfica. Toponimia
 - Enderozos e teléfonos. Tratamentos. Números, datas e horas
 - Puntuación. Outros signos ortográficos

Maiúscula e minúscula en inicial de palabra
 Algunhas construcións gramaticais
 Glosario de termos e expresións frecuentes

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Presentacións de alto impacto. FC15061**Obxectivos:**

Asimilar as técnicas necesarias e traballalas de forma práctica para conseguir facer presentacións de alto impacto. Analizar detalladamente as actuacións de cada participante, aconsellándolle das modificacións pertinentes que lle axuden a mellorar as súas competencias comunicativas. Ser máis conscientes da importancia das presentacións de alto impacto nas organizacións actuais.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 16 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 4 ao 12 de maio

Prazas: 12

Contido básico:

Contidos teóricos:

Dez regras de ouro para falar en público.

Cinco consellos de ouro para mellorar a oratoria profesional.

Regras de ouro dun/dunha bo/a orador/a.

Regras de ouro dun bo discurso.

Doce impulsos para dar vida a unha conferencia/Doce consellos que nunca fallan.

Características de unha presentación eficaz.

Comunicación verbal/non verbal.

Consellos prácticos para manter a atención.

Consellos prácticos ante as preguntas.

Consellos prácticos para fixar obxectivos.

Checklist.

Contidos prácticos:

Comunicación didáctica/Presentacións para apreciar as súas competencias comunicativas.

Realizar unha folla de observación para o análise e valoración dunha presentación.

Valorar sesións de formación analizando todos os elementos empregados nas presentacións.

Comprobar experimentalmente os inconvenientes dunha comunicación sen preparación nin mensaxe de retorno.

Exercicios para comunicar mellor/Exercicios de voz.

Contidos relacionados con la profesionalidade:

Actitude ordenada e metódica para a organización do seu traballo.

Hábito para traballar de maneira sistemática e planificada.

Actitude de procura de calidade permanente no traballo.

Flexibilidade e actitude de apertura a novas situación.

Valoración da importancia da temporalización.

Seguridade en si mesmo/Reacción de forma activa diante de feitos imprevisibles.

Trato coidadoso de materiais e instalacións/Capacidade de observación.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Redacción de documentos técnico-xurídicos en galego. FC15062

Obxectivos:

O curso pretende ofrecer unha formación específica para potenciar as habilidades do persoal da administración encargado de redactar textos técnicos. Adquirir os coñecementos esenciais para redactar documentos técnicos e xurídicos de calidade.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1, A2, C1 e C2.

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 3 ao 18 de marzo

T02: do 7 ao 22 de abril

Prazas: 100

Contido básico:

1 Principios da linguaxe de especialidade: formalidade e funcionalidade

- Lexibilidade e coherencia estilística

- Corrección e adecuación textuais

- Precisión, concisión e claridade

2 Algunhas consideracións gramaticais e léxicas sobre a redacción xurídica

- Superación de erros gramaticais frecuentes

- Superación de erros léxicos frecuentes

3 Unha configuración eficiente do texto

- A páxina

- O parágrafo

- A oración

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Técnicas elementais de arquivos. FC15066

Obxectivos:

Dotar aos xestores cunhas ferramentas metodolóxicas sinxelas que lle permitan controlar os documentos que tramitan. Realízase unha análise da tramitación tradicional dos documentos e expedientes en soporte papel; sen esquecer outros soportes (fotográficos, audiovisuais,...). Mais, co fin de ofrecer unha información actualizada e pertinente, abórdase tamén a incipiente administración electrónica e a súa incidencia na xestión dos documentos.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 9 de abril ao 3 de maio

T02: do 19 de maio ao 12 de xuño

Prazas: 100

Contido básico:

- O reflexo documental da actuación das administracións públicas.
- Os documentos producidos pola Administración.
- O expediente administrativo.
- A e-administración e o documento electrónico.
- O ciclo vital dos documentos. O sistema de arquivos da Xunta de Galicia.
- Xestión dos arquivos de oficina (I): A organización e a conservación dos documentos.
- Xestión dos arquivos de oficina (II): O control da circulación documental.
- Xestión dos arquivos de oficina (III): O servizo dos documentos.
- Conclusións.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Uso de ferramentas informáticas para a xestión do tempo. FC15067

Obxectivos:

O curso explica e desenvolve un método de organización da información no seu disco duro e no servidor de xeito que sexa fácil e rápido recuperala e incrementar a súa produtividade eliminando procuras laboriosas e seguindo unha estrutura lóxica de arquivo da información. Así mesmo, o alumno aprende a organizar e localizar rapidamente a información no correo electrónico, mediante a aprendizaxe de varias técnicas de arquivo e xestión do email. Aprenderá a ter sempre o seu correo electrónico controlado e ao día, saber cales son as súas prioridades diarias, facer un seguimento das tarefas delegadas e o seguimento e cumprimento dos obxectivos marcados. O curso é práctico con exercicios para desenvolvemento do alumno ao longo da sesión.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 9 ao 12 de marzo

Prazas: 20

Contido básico:

1. Organización da información no disco duro. Traballamos sobre a estrutura de Windows que facilita a organización e xestión da información no disco duro e cómo facer procuras rápidas e sinxelas coas ferramentas de Windows.
 2. Organización da información no servidor de rede. Cómo utilízalo e xestionar a información e as búsqueas. Compartir e traballar con documentos na rede.
 3. Xestión do correo electrónico con Outlook 2007.
- Iniciación básica Outlook. Correo electrónico. Tarefas. Calendario. Contactos. Notas /Diario. Exercicios prácticos
 - Técnica de control do Correo electrónico. Técnica de control de Tarefas. Exercicios prácticos.
 - Técnicas avanzadas. Exercicios prácticos.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Información e atención ao cidadán. FC15094

Obxectivos:

Comprender os modos de conduta e das diferentes situacións que se poden presentar no desenvolvemento dun posto de traballo de atención ao público.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia dos subgrupos C1, C2, III, IV e V, que ocupe postos de traballo nos que realice tarefas de atención ao público e de información ao cidadán.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 4

Lugares e datas:

T01: do 25 de febreiro ao 23 de marzo

T02: do 14 de abril ao 8 de maio

T03: do 19 de maio ao 12 de xuño

T04: do 7 de outubro ao 5 de novembro

Prazas: 240

Contido básico:

A relación interpersoal. Elementos básicos da comunicación. Técnicas de información ao público. A resolución de situacións.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública. FC15105

Obxectivos:

Dotar de ferramentas axeitadas que faciliten facer un uso non sexista da linguaxe e desenvolver o sentido crítico respecto a imaxe e os estereotipos de xénero que se producen na linguaxe publicitaria a fin de capacitar para amosar unha imaxe de mulleres e homes equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos sexistas.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 24 de febreiro ao 24 de marzo

T02: do 8 de abril ao 8 de marzo

Prazas: 100

Contido básico:

1. Enfoque de xénero no ámbito administrativo: linguaxe non sexista, imaxes non estereotipadas de mulleres e homes na publicidade institucional.
2. Técnicas para incorporar unha cultura lingüística administrativa igualitaria e integradora de mulleres e homes.
3. Técnicas para recoñecer e corrixir os estereotipos sexistas nos contidos das imaxes e na linguaxe da publicidade institucional.
4. Recomendacións e normativa que protexe unha imaxe e linguaxe publicitaria.
5. Boas prácticas publicitarias.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Negociación e traballo en equipo. FC15106

Obxectivos:

1. Coñecer a importancia de optimizar as habilidades sociais no ámbito de traballo.
2. Recoñecer os principios básicos que rexen a negociación e o traballo en equipo.
3. Desenvolver técnicas que axuden a poñer en práctica accións de mellora.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1, A2, e C1.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 25 de febreiro ao 23 de marzo

T02: do 8 de abril ao 4 de maio

Prazas: 70

Contido básico:

I. Habilidades de Comunicación e xestión de conflitos. Aproximación os conceptos de mediación, conflito, diversidade , interculturalidade e multiculturalidade.

1. Que é a negociación.
2. O proceso de negociación.
3. Preparación da negociación.
4. Estratexias de negociación.
5. Desenvolvemento da negociación.
6. Acordo e conclusión.

II. Traballo en equipo. Bases da colaboración profesional. Bases do traballo en equipo. Instrumentos para o traballo en equipo. Concepto, requisitos e características do Traballo en equipo

1. Definición de equipo.
2. O rol no equipo.
3. Toma de decisión.
4. Liderar equipos.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

Comunicación escrita e elaboración de informes. FC15107

Obxectivos:

Actualizar os coñecementos na elaboración da correspondencia escrita utilizando de forma correcta os termos e expresións e tendo en conta os novos soportes e a incidencia das novas tecnoloxías.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 6

Lugares e datas:

A Coruña, do 16 ao 25 de marzo

Lugo, do 15 ao 23 de abril

Ourense, do 1 ao 10 de xuño

Pontevedra, do 7 ao 16 de setembro

Santiago de Compostela, do 7 ao 16 de setembro

Vigo, do 19 ao 28 de outubro

Prazas: 150

Contido básico:

- Clases e medios máis usuais en comunicación escrita.
- Características fundamentais da comunicación escrita.
- Elaboración de informes.
- As comunicacións internas.
- Como redactar as comunicacións internas.
- Tipos de comunicacións internas.
- Comunicación escrita para a realización de presentacións.
- Como facer comprensibles os datos estatísticos: claves para unha representación gráfica eficaz.
- As comunicacións a través de Internet.
- As características do correo electrónico e a correcta elaboración de mensaxes.

Convocatoria:

Resolución do 28 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 22 do 03 de febreiro de 2015).

A calidade da redacción administrativa. Técnicas para melloralas. FC15163

Obxectivos:

Mellorar as destrezas lingüísticas da escritura en lingua galega co fin de potenciar a calidade na redacción e estrutura dos textos, así como a súa eficacia comunicativa.

Destinatarios:

Persoal dos subgrupos A1,A2 e C1 e dos grupos I, II e III da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia

Desenvolvemento:

Duración: 18 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 1 ao 18 de xuño

Prazas: 50

Contido básico:

- 1 Principios xerais para unha boa redacción: claridade, concisión, precisión e adecuación aos destinatarios.
- 2 A escolla do rexistro adecuado.
- 3 O respecto pola ortografía e a gramática.
- 4 O proceso de escritura: planear, redactar e revisar.
- 5 A estrutura dos escritos:
 - 5.1 Modelos predeterminados.
 - 5.2 Correcta ordenación do texto en parágrafos e frases.
- 6 A construción do parágrafo.
- 7 A construción da frase.
- 8 A escolla das palabras.
- 9 Uniformidade na aplicación de convencións ortotipográficas.

Convocatoria:

Resolución do 15 de abril de 2015 (DOG núm. 75 do 22 de abril de 2015).

Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública. FC15166

Obxectivos:

Dotar de ferramentas axeitadas que faciliten facer un uso non sexista da linguaxe e desenvolver o sentido crítico respecto a imaxe e os estereotipos de xénero que se producen na linguaxe publicitaria a fin de capacitar para amosar unha imaxe de mulleres e homes equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos sexistas.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 30

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 12 de maio ao 10 de xuño

Prazas: 50

Contido básico:

1. Enfoque de xénero no ámbito administrativo: linguaxe non sexista, imaxes non estereotipadas de mulleres e homes na publicidade institucional.
2. Técnicas para incorporar unha cultura lingüística administrativa igualitaria e integradora de mulleres e homes.
3. Técnicas para recoñecer e corrixir os estereotipos sexistas nos contidos das imaxes e na linguaxe da publicidade institucional.
4. Recomendacións e normativa que protexe unha imaxe e linguaxe publicitaria.
5. Boas prácticas publicitarias.

Convocatoria:

Resolución do 15 de abril de 2015 (DOG núm. 75 do 22 de abril de 2015).

Información e atención ao cidadán. FC15167

Obxectivos:

Comprender os modos de conduta e das diferentes situacións que se poden presentar no desenvolvemento dun posto de traballo de atención ao público.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia dos subgrupos C1, C2, III, IV e V, que ocupe postos de traballo nos que realice tarefas de atención ao público e de información ao cidadán.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 1 ao 26 de xuño

Prazas: 50

Contido básico:

A relación interpersonal. Elementos básicos da comunicación. Técnicas de información ao público. A resolución de situacións.

Convocatoria:

Resolución do 15 de abril de 2015 (DOG núm. 75 do 22 de abril de 2015).

Técnicas elementais de arquivos. FC15168

Obxectivos:

Dotar aos xestores cunhas ferramentas metodolóxicas sinxelas que lle permitan controlar os documentos que tramitan. Realízase unha análise da tramitación tradicional dos documentos e expedientes en soporte papel; sen esquecer outros soportes (fotográficos, audiovisuais,...). Mais, co fin de ofrecer unha información actualizada e pertinente, abórdase tamén a incipiente administración electrónica e a súa incidencia na xestión dos documentos.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 1 ao 26 de xuño

Prazas: 50

Contido básico:

- O reflexo documental da actuación das administracións públicas.
- Os documentos producidos pola Administración.
- O expediente administrativo.
- A e-administración e o documento electrónico.
- O ciclo vital dos documentos. O sistema de arquivos da Xunta de Galicia.
- Xestión dos arquivos de oficina (I): A organización e a conservación dos documentos.
- Xestión dos arquivos de oficina (II): O control da circulación documental.
- Xestión dos arquivos de oficina (III): O servizo dos documentos.
- Conclusións.

Convocatoria:

Resolución do 15 de abril de 2015 (DOG núm. 75 do 22 de abril de 2015).

Redacción de documentos técnico-xurídicos en galego. FC15172

Obxectivos:

Ofrecer unha formación específica para potenciar as habilidades do persoal da administración encargado de redactar textos técnicos. Adquirir os coñecementos esenciais para redactar documentos técnicos e xurídicos de calidade.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dos subgrupos A1, A2, C1 e C2.

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 14 ao 28 de setembro

Prazas: 50

Contido básico:

1 Principios da linguaxe de especialidade: formalidade e funcionalidade

- Lexibilidade e coherencia estilística
- Corrección e adecuación textuais
- Precisión, concisión e claridade

2 Algunhas consideracións gramaticais e léxicas sobre a redacción xurídica

- Superación de erros gramaticais frecuentes
- Superación de erros léxicos frecuentes

3 Unha configuración eficiente do texto

- A páxina
- O parágrafo
- A oración

Convocatoria:

Resolución do 15 de abril de 2015 (DOG núm. 75 do 22 de abril de 2015).

Correo electrónico corporativo. FC15200

Obxectivos:

Coñecer os fundamentos básicos do programa cliente de correo electrónico Outlook Web (OWA) e as ferramentas que ofrece para xestión de mensaxes, manexo de calendarios, xestión de contactos, xestión de tarefas e de notas e de configuración das contas de correo e copias de seguridade

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con correo corporativo e acceso a internet.

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 1 ao 12 de xuño

T02: do 16 ao 27 de novembro

Prazas: 100

Contido básico:

1. Introducción
 - a. Conceptos xerais
 - b. Contorno de OWA
 - c. Menú principal e barras de ferramentas. Personalización
2. Correo
 - a. Crear e enviar mensaxes de correo. Recibir e reenviar mensaxes
 - b. Catalogar e arquivar mensaxes
 - c. Arquivos adxuntos. Sinaturas
 - d. Crear regras sobre mensaxes
 - e. Propiedades dunha mensaxe. Buscar mensaxes.
3. Contactos
 - a. Crear, modificar e suprimir contactos. Procuras.
 - b. Grupos e Categorías. Listas de distribución.
 - c. Importar e exportar contactos.
4. Calendarios e Tareas
 - a. Visualización do calendario.
 - b. Xestión de citas e reunións. Periodicidade
 - c. Xestión de tarefas

5. Configuración

- a. Correo.
- b. Calendario.
- c. Xeral
- d. Correos enviados
- e. Rexional
- f. Cambio de contrasinal

Convocatoria:

Resolución do 28 de abril de 2015 (DOG núm. 88 do 12 de maio de 2015).

Diagnóstico do clima organizacional. A optimización do recurso humano. FC15205

Obxectivos:

Aprender a identificar os factores do ámbito laboral que afectan ao clima da organización. Analizar axeitadamente o clima laboral dunha empresa. Proporcionar ferramentas que permitan realizar unha boa xestión do clima laboral.

Destinatarios:

Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 7 de setembro ao 7 de outubro

Prazas: 50

Contido básico:

- Clima organizacional.
- Comportamento grupal e comportamento organizacional.
- Motivación e satisfacción laboral.
- Fontes de estrés laboral.
- Diferenzas entre cultura organizacional e clima organizacional.
- Comunicación nas organizacións.
- Tipos de liderado.
- Medición do clima organizacional e resultado diagnóstico.

Convocatoria:

Resolución do 28 de abril de 2015 (DOG núm. 88 do 12 de maio de 2015).

Dirección eficaz e xestión de equipos. FC15208

Obxectivos:

Apoiar a innovación e a xestión do cambio. Facilitar ferramentas para levar ao equipo ao seu máximo rendemento. Facilitarlle ao líder os modelos para deseñar novas solucións e como implementalas no equipo. Como ser o líder que o equipo necesita. Crear a cultura e o clima adecuados para o desenvolvemento de todo o equipo da empresa .

Destinatarios:

Persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: mixta

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 14 de setembro ao 13 de outubro

Prazas: 20

Contido básico:

Liderazgo e intelixencia emocional. A mellor versión do líder.

Creación de equipos de alto rendemento.

Comunicación en público.

Sesión de *coaching* de equipo (sesión de reforzamento)

Convocatoria:

Resolución do 28 de abril de 2015 (DOG núm. 88 do 12 de maio de 2015).

Uso avanzado de aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer). FC15212

Obxectivos:

Ampliar os coñecementos no uso da ferramenta de tratamento de textos e capacitar ao usuario no uso de elementos avanzados do produto. Capacitar aos profesionais que utilizan ferramentas ofimáticas en uso de solucións abertas, no contexto do Plan de Migración do Posto de Traballo a Software Libre da Xunta de Galicia para o ano 2015, de forma que estean preparados para a transición.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con coñecementos de Writer e acceso a internet.

Desenvolvemento:

Duración: 50

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 7 de outubro ao 25 de novembro

Prazas: 50

Contido básico:

1. Revisión das capacidades básicas de Libre Office Writer.
2. Formatos de documentos compatibles e capacidades de exportación
3. Migración de formatos propietarios (.doc e .docx) a formatos .odt. Principais dificultades identificadas, solucións e outros elementos a ter en conta.
4. Definición e uso de modelos.
5. Uso avanzado de estilos e formato: estilos de párrafo, estilos de carácter, estilos de marco, estilos de páxina, estilos de lista.
6. Uso de referencias cruzadas
7. Uso avanzado de táboas. Fórmulas. Celas protexidas.
8. Combinación de correspondencia.
9. Uso avanzado de macros.

Convocatoria:

Resolución do 28 de abril de 2015 (DOG núm. 88 do 12 de maio de 2015).

**Uso avanzado de aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc).
FC15214**

Obxectivos:

Ampliar os coñecementos no uso da ferramenta de follas de cálculo e capacitar ao usuario no uso de elementos avanzados do produto. Capacitar aos profesionais que utilizan ferramentas ofimáticas en uso de solucións abertas, no contexto do Plan de Migración do Posto de Traballo a Software Libre da Xunta de Galicia para o ano 2015, de forma que estean preparados para a transición.

Destinatarios:

Tema 22. Coordinación e aspectos prácticos da planificación de infraestruturas e servizos con administracións supramunicipais e entidades privadas.

Tema 23. A mobilidade no ámbito da Administración local.

Tema 24. O proxecto das infraestruturas de transporte: estradas urbanas, rúas, ferrocarrís urbanos e metropolitanos, estacións de ferrocarril e autobuses, aparcadoiros, intercambiadores etc.

Tema 25. O proxecto dos servizos urbanos municipais: abastecemento, saneamento, iluminación pública, control de tráfico, enerxía eléctrica, telecomunicacións, distribución de gas, xestión de residuos sólidos etc.

Tema 26. Áreas industriais e áreas empresariais.

Tema 27. Os equipamentos e as dotacións públicas.

Tema 28. O proxecto dos espazos libres (prazas, bordos fluviais, litoral, parques etc.).

Tema 29. Lexislación sobre accesibilidade e a súa incidencia na xestión municipal.

Tema 30. A xestión dos servizos municipais e a relación coas concesionarias. Análise dende o punto de vista técnico e dende o punto de vista xurídico.

Tema 31. A xestión do patrimonio e os bens municipais: adquisición, inventariado, cesión, alienación, etc.

Tema 32. Os proxectos de expropiación, asignación do valor do chan e mutuos acordos.

Convocatoria:

Resolución do 12 de febreiro de 2014 (DOG núm. 188, do 2 de outubro)

MF0233_2 Ofimática CCOO (Contorno Microsoft). CV15002**Obxectivos:**

Acreditar coñecementos teórico-prácticos dentro do Plan Formativo Ofimático de Galicia, cuxo contido actualmente coincide co descrito no módulo formativo MF0233_2 Ofimática(190 horas) do Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación do Catálogo Nacional de Cualificacións.

Destinatarios:

Empregados/as públicos/as que superasen as actividades formativas de ofimática do Plan de Formación para o emprego nas Administracións Públicas 2014, no marco do Acordo de Formación para Emprego das Administracións Publicas de 19 de xullo de 2013 (AFEDAP), en accións formativas promovidas pola organización sindical Comisións Obreiras (CCOO) en Galicia no ano 2014.

Desenvolvemento:

Duración: 190 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro

Prazas: 50

Contido básico:

O temario para a avaliación será o descrito no módulo formativo MF0233_2 «Ofimática» do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 «Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación» do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. As capacidades e criterios de avaliación do dito módulo formativo pódense consultar no Real Decreto 645/2011, do 9 de maio, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional Administración e xestión que se inclúen no Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade e se actualizan os certificados de profesionalidade establecidos no Real Decreto 1210/2009, do 17 de xullo (BOE núm.136, do 8 de xuño de 2011, páxinas 56456 á 56474).

Convocatoria:

Actividade formativa realizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 30 de maio de 2014, entre a Escola Galega de Administración Pública, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación de Servizos á Cidadanía de CC.OO.

MF0233_2 Ofimática CCOO (Contorno OpenOffice). CV15003**Obxectivos:**

Acreditar coñecementos teórico-prácticos dentro do Plan Formativo Ofimático de Galicia, cuxo contido actualmente coincide co descrito no módulo formativo MF0233_2 Ofimática do Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación do Catálogo Nacional de Cualificacións.

Destinatarios:

Empregados/as públicos/as que superasen as actividades formativas de ofimática do Plan de Formación para o emprego nas Administracións Públicas 2013, no marco do Acordo de Formación para Emprego das Administracións Publicas de 22 de marzo de 2010 (AFEDAP), en accións formativas promovidas pola organización sindical Comisións Obreiras en Galicia no ano 2013.

Desenvolvemento:

Duración: 190 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro

Prazas: 50

Contido básico:

O temario para a avaliación será o descrito no módulo formativo MF0233_2 «Ofimática» do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 «Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación» do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. As capacidades e criterios de avaliación do dito módulo formativo pódense consultar no Real Decreto 645/2011, do 9 de maio, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional Administración e xestión que se inclúen no Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade e se actualizan os certificados de profesionalidade establecidos no Real Decreto 1210/2009, do 17 de xullo (BOE núm.136, do 8 de xuño de 2011, páxinas 56456 á 56474).

Convocatoria:

Actividade formativa realizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 22 de febreiro de 2013, entre a Escola Galega de Administración Pública, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación de Servizos á Cidadanía de CC.OO.

Prevención de riscos laborais. Nivel básico. ISSGA. CV15004**Obxectivos:**

Proporcionar a formación que establece o anexo IV do Regulamento dos servizos de prevención (Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro) que capacita para o desenvolvemento das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais.

Destinatarios:

Empregados, traballadores por conta allea ou autónomos, traballadores designados e delegados de prevención, empresarios e aquelas persoas con inquietudes no ámbito da prevención de riscos laborais.

Desenvolvemento:

Duración: 60 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 3

Lugares e datas:

T01, T02 e T03: do 3 de marzo ao 29 de abril

Prazas: 150

Contido básico:

1. Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo
2. Riscos xerais e a súa prevención
3. Riscos específicos do sector da actividade da empresa e a súa prevención
4. Elementos básicos da xestión da prevención de riscos
5. Primeiros auxilios
6. Prevención de riscos laborais dende a perspectiva de xénero

Convocatoria:

Actividade formativa realizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 2 de xaneiro de 2015, entre a Escola Galega de Administración Pública e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Prevención de riscos laborais. Nivel básico. ISSGA. CV15005**Obxectivos:**

Proporcionar a formación que establece o anexo IV do Regulamento dos servizos de prevención (Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro) que capacita para o desenvolvemento das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais.

Destinatarios:

Empregados, traballadores por conta allea ou autónomos, traballadores designados e delegados de prevención, empresarios e aquelas persoas con inquietudes no ámbito da prevención de riscos laborais.

Desenvolvemento:

Duración: 60 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 3

Lugares e datas:

T01, T02 e T03: do 29 de setembro ao 26 de novembro

Prazas: 150

Contido básico:

1. Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo
2. Riscos xerais e a súa prevención
3. Riscos específicos do sector da actividade da empresa e a súa prevención
4. Elementos básicos da xestión da prevención de riscos
5. Primeiros auxilios
6. Prevención de riscos laborais dende a perspectiva de xénero

Convocatoria:

Actividade formativa realizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 2 de xaneiro de 2015, entre a Escola Galega de Administración Pública e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Prevención de riscos laborais. Nivel básico. ISSGA. CV15006**Obxectivos:**

Proporcionar a formación que establece o anexo IV do Regulamento dos servizos de prevención (Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro) que capacita para o desenvolvemento das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais.

Destinatarios:

Empregados, traballadores por conta allea ou autónomos, traballadores designados e delegados de prevención, empresarios e aquelas persoas con inquietudes no ámbito da prevención de riscos laborais.

Desenvolvemento:

Duración: 60 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 3

Lugares e datas:

T01, T02 e T03: do 28 de abril ao 26 de xuño

Prazas: 150

Contido básico:

1. Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo
2. Riscos xerais e a súa prevención
3. Riscos específicos do sector da actividade da empresa e a súa prevención
4. Elementos básicos da xestión da prevención de riscos
5. Primeiros auxilios
6. Prevención de riscos laborais dende a perspectiva de xénero

Convocatoria:

Actividade formativa realizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 2 de xaneiro de 2015, entre a Escola Galega de Administración Pública e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Prevención de riscos laborais en actividades de tempo libre. Nivel básico. CV15007**Obxectivos:**

Proporcionar a formación que establece o anexo IV do Regulamento dos servizos de prevención (Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro) que capacita para o desenvolvemento das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais.

Destinatarios:

Empregados, traballadores por conta allea ou autónomos, traballadores designados e delegados de prevención, empresarios e aquelas persoas con inquietudes no ámbito da prevención de riscos laborais, en particular, na organización e xestión de actividades de tempo libre.

Desenvolvemento:

Duración: 60 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 5 de maio ao 26 de xuño

Prazas: 30

Contido básico:

1. Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo
2. Riscos xerais e a súa prevención
3. Riscos específicos do sector da actividade da empresa e a súa prevención
 - 3.1. Actividades de tempo libre
4. Elementos básicos da xestión da prevención de riscos
5. Primeiros auxilios
6. Prevención de riscos laborais dende a perspectiva de xénero

Convocatoria:

Actividade formativa realizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 2 de xaneiro de 2015, entre a Escola Galega de Administración Pública e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (Microsoft Office 2010). CV15008**Obxectivos:**

Proporcionar uns coñecementos introdutorios no manexo do xestor de bases de datos relacionais.

Destinatarios:

Empregados do INGACAL e persoal ao servizo da Administración Autonómica da Xunta de Galicia, que desenvolva as súas funcións nos centros coordinados polo INGACAL.

Desenvolvemento:

Duración: 50 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 9 de marzo ao 30 de abril

Prazas: 50

Contido básico:

Módulo I: Introducción a Access

- Introducción ás bases de datos
- Obxectos dunha base de datos relacional
- Análise e deseño dunha base de datos

Módulo II: Táboas

- Crear táboas
- Relacionar táboas

Módulo III: Consultas

- Consultas
- Crear unha consulta dende a vista de deseño
- Consultar datos de máis dunha táboa

Módulo IV: Formularios

- Formularios I
- Creación dun formulario
- Formularios II
- Creación dun formulario con subformulario usando o asistente

Módulo V: Informes

- Informes
- Creación dun informe

- Codificar o deseño dun informe

Convocatoria:

Actividade formativa realizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 2 de xaneiro de 2015, entre a Escola Galega de Administración Pública e o Instituto Galego da Calidade Alimentaria.

Curso básico de inglés (A1.1). CV15009

Obxectivos:

Formar os alumnos nas estruturas necesarias para comunicarse utilizando o tempo presente a nivel básico en situacións de relevancia inmediata e comunicarse de maneira básica expresando necesidades e desexos básicos.

Destinatarios:

Persoal do Parlamento de Galicia

Desenvolvemento:

Duración: 70 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 18 de marzo ao 19 de maio

Prazas: 3

Contido básico:

- Países e nacionalidades
- Saúdos e presentacións
- Membros da familia
- A casa.
- Expresións cotiás
- Verbo 'have'
- Xénero e número
- Pronomes demostrativos
- O alfabeto
- Preguntas e respostas curtas
- Pronome persoal
- Partículas interrogativas
- Conxuncións; 'and' e 'but'

Convocatoria:

Actividade formativa realizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 2 de xaneiro de 2015, entre a Escola Galega de Administración Pública e o Parlamento de Galicia.

Curso preintermedio de inglés (A2.1). CV15011

Obxectivos:

Consolidar os coñecementos adquiridos no bloque anterior E capaz de comprender frases e expresións de uso frecuente relacionadas con áreas de experiencia que lle son especialmente relevantes: información sobre sí mesmo e a familia, compras, lugares de interese, ocupacións, etc.

Destinatarios:

Persoal do Parlamento de Galicia

Desenvolvemento:

Duración: 70 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 18 de marzo ao 19 de maio

Prazas: 10

Contido básico:

- Posibilidade con 'be able to'
- Expresións ao teléfono
- Obrigación con 'have to'
- As horas
- Complementos preposicionais
- Roupas
- O verbo 'have' II
- Descricións físicas
- Adverbios de frecuencia II
- Números ordinais
- Imperativo II
- A familia
- Preposicións
- Celebracións
- Expresións de cantidade: a/an, some, any, enough, many, few, a lot

Convocatoria:

Actividade formativa realizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 2 de xaneiro de 2015, entre a Escola Galega de Administración Pública e o Parlamento de Galicia.

Curso intermedio de inglés (B1.1). CV15012**Obxectivos:**

Entender os puntos principais de textos claros en lingua estándar sobre cuestións que lle son coñecidas, xa sexa en situacións de traballo, de estudo ou de ocio. Poder xustificar brevemente opinións ou explicar os seus plans.

Destinatarios:

Persoal do Parlamento de Galicia

Desenvolvemento:

Duración: 70 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 18 de marzo ao 19 de maio

Prazas: 18

Contido básico:

Tempos verbais. Partes da casa. Expresións de posesión. Actividades diarias. Pronomes e adxetivos posesivos. Expresións con 'gone' 'been'. Presente perfecto. Expresións ao teléfono. Números: ordinais e cardinais. Medios de transporte. Adverbios de frecuencia. Presentacións. 'since' e 'for'. Vocabulario de viaxe. 'a lot of', 'enough', 'too many'. Roupa: materiais. 'just', 'already', 'yet' e 'still'. Preposicións e frases preposicionais. Diferenza: 'gone' e 'been'

Convocatoria:

Actividade formativa realizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 2 de xaneiro de 2015, entre a Escola Galega de Administración Pública e o Parlamento de Galicia.

1ª xornada sobre cambio climático en Galicia. O papel da enxeñaría civil na prevención dos seus efectos.. CV15013**Obxectivos:**

Expor a situación actual e formular aspectos determinados dos efectos do cambio climático en materia de afeccións a costas, portos, hidroloxía, cidades e enerxía.

Destinatarios:

- Técnicos que realicen proxectos e/ou dirixan obras e desexen coñecer a afección que o cambio climático poida supoñer nos condicionantes de deseño e execución.
- Técnicos das administracións públicas, que queiran coñecer cómo as modificacións derivadas destes cambios poden afectar a aspectos tales como o planeamento municipal e o deseño das diferentes infraestruturas e servizos, entre outras cuestións.
- Responsables dos servizos de protección civil, que desexen ampliar os seus coñecementos relativos á xestión de situacións motivadas polo cambio climático, coordinándose cos técnicos responsables.
- Estudantes universitarios que queiran completar a súa formación en temas de cambio climático, que condicionarán o deseño das infraestruturas.
- Interesados en xeral nestas cuestións.

Desenvolvemento:

Duración: 8 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, 21 de abril

Inscripcións:

Contido básico:

-Conferencia da Oficina Española do Cambio Climático. Situación actual do cambio climático. Prognose da evolución en diversos campos. O cambio climático en Galicia. O cambio climático no litoral galego. Xestión das infraestruturas portuarias en Galicia e cambio climático. Adecuación das estratexias de protección civil contra os efectos do cambio climático. As cidades ante o cambio climático. Efectos do urbanismo e os servizos urbanos. A resiliencia fronte ao cambio climático. Un enfoque multisectorial. O cambio climático dende a perspectiva da planificación hidrolóxica.

Convocatoria:

Resolución do 18 de marzo de 2015 (DOG núm. 62, do 1 de abril).

Xestión dos sistemas de almacenamento. CV15014

Obxectivos:

Conseguir os coñecementos teóricos e prácticos para xestionar os sistemas de almacenamento do CIXTEC.

Destinatarios:

Persoal do CIXTEC. Preferentemente os departamentos relacionados coa xestión dos sistemas de almacenamento.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 20 ao 28 de abril

Prazas: 15

Contido básico:

- Arquitectura do VMax
- Implementación do VMax
- Sesións prácticas de configuración almacenamento VMax
- Funcionalidades SAN (Storage Área Network)
- Funcionalidades do backup

Convocatoria:

Actividade formativa organizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 11 de febreiro de 2015, entre a Escola Galega de Administración Pública e o Centro Informático de Xestión Tributaria, Económico-financeira e Contable (CIXTEC).

Data Warehouse estendido. CV15015

Obxectivos:

Introdución á utilización de novas ferramentas de desenvolvemento de sistemas de análise.

Destinatarios:

Persoal do CIXTEC con coñecementos sobre sistemas de análise

Desenvolvemento:

Duración: 16 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 4 ao 12 de maio

Prazas: 15

Contido básico:

- Data Warehouse estendido.
- Analíticas avanzadas.
- Big Data.
- Hadoop
- Uso de Hadoop

Convocatoria:

Actividade formativa organizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 11 de febreiro de 2015, entre a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e o Centro Informático de Xestión Tributaria, Económico-financeira e Contable (CIXTEC).

Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft Office 2010). CV15016**Obxectivos:**

Proporcionar coñecemento práctico avanzado na folla de cálculo Excel.

Destinatarios:

Persoal do Concello da Coruña

Desenvolvemento:

Duración: 50 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01 e T02: do 4 de maio ao 22 de xuño

Prazas: 70

Contido básico:

1. Libros e follas en Excel
2. Creación de series e arrastrado de fórmulas
3. Estilos e formatado de celas
4. Fórmulas e referencias
5. Traballar con bases de datos en Excel
6. Formatos avanzados de gráficas
7. Manipulación de macros
8. Impresión, exportación, ortografía, idioma, etc,

Convocatoria:

O curso foi organizado ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 2 de xaneiro de 2015, entre a Escola Galega de Administración Pública e o Concello da Coruña.

SharePoint 2010 - Arquitectura, implementación e explotación da Intranet da Consellería de Facenda. CV15017**Obxectivos:**

Introdución á arquitectura da Intranet da Consellería de Facenda, incidindo na administración e explotación da granxa SharePoint e na xestión e administración dos contidos, funcionalidades e á aplicación da seguridade de acceso.

Destinatarios:

Persoal do CIXTEC con coñecementos na integración e explotación de sistemas e nas arquitecturas tecnolóxicas para implantación e desenvolvemento. Persoal técnico do CIXTEC de asistencia aos usuarios.

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 16 ao 25 de xuño

Prazas: 15

Contido básico:

1. Iniciación en servizos de SharePoint nas versións 2010 e 2013.
2. Arquitectura lóxica de SharePoint 2010 e implantación na Intranet.
3. Administración de coleccións de sitios, sitios e listas.
4. Xestión de tipos de contido, elementos e documentos.
5. Administración de permisos – Security Explorer.
6. Administración central.
7. Arquitectura e administración da busca.
8. Engadindo orixes de datos externos.
9. Xestión de metadatos.

Convocatoria:

Actividade formativa organizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 11 de febreiro de 2015, entre a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e o Centro Informático de Xestión Tributaria, económico-financeira e Contable (CIXTEC).

Manipulación de pacientes con mobilidade reducida. CV15018

Obxectivos:

Formar nas estratexias e técnicas de formación sobre riscos en mobilización de pacientes e facilitar a impartición deste tema ao persoal exposto aos riscos xerados por esta actividade. A metodoloxía será eminentemente práctica.

Destinatarios:

Persoal técnico do ISSGA e técnicos dos servizos de prevención de riscos laborais da Xunta de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

A Coruña, 19 e 20 de maio

Prazas: 25

Contido básico:

Módulo 1

- Principios e bases das técnicas de MPMR
- Principios básicos de mobilización
- Método Dotte. Presentación e metodoloxía
- Metodoloxías diversas de mobilización
- Desenvolvo practico das teorías e mobilizacións
- Prácticas de mobilización. Aplicacións clínicas

Módulo 2

- Xestión das axudas técnicas para a mobilización de pacientes
- Aspectos prácticos sobre axudas técnicas
- Análises do emprego de axudas técnicas
- Aspectos prácticos da xestión
- Prácticas de mobilización con axudas técnicas

Convocatoria:

Actividade formativa organizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 2 de xaneiro de 2015, entre a Escola Galega de Administración Pública e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Prevención de riscos laborais: primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación (Refresco). CV15019

Obxectivos:

Formar os integrantes dos grupos de acción das medidas de emerxencia dos centros de traballo da Xunta de Galicia segundo sinala a Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, no seu artigo 20.

Destinatarios:

Persoal que presta servizos nos seguintes organismos:

- ISSGA de Lugo
- SMAC de Lugo
- Servizos veterinarios oficiais de saúde pública de Lugo
- Audiencia Provincial de Lugo
- Xulgados de Lugo
- Laboratorio de Sanidade e Producción Animal de Galicia de Lugo

Desenvolvemento:

Duración: 6 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 3

Lugares e datas:

Lugo, 8 de xuño

Lugo, 9 de xuño

Lugo, 10 de xuño

Prazas: 90

Contido básico:

- Incendio: conceptos básicos, axentes extintores, equipos de protección contra incendios
- Actuación en caso de emerxencia
- Primeiros auxilios
- Prácticas con lume real: os extintores

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 2 de xaneiro, entre a Escola Galega de Administración Pública e Mugatra Sociedade de Prevención S.L.U.

Prevención de riscos laborais: primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación (Refresco). CV15020

Obxectivos:

Formar os integrantes dos grupos de acción das medidas de emerxencia dos centros de traballo da Xunta de Galicia segundo sinala a Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, no seu artigo 20.

Destinatarios:

Persoal que presta servizos no Laboratorio de Saúde Pública de Galicia e na Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade en Lugo.

Desenvolvemento:

Duración: 6 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 2

Lugares e datas:

Lugo, 18 de xuño

Lugo, 19 de xuño

Prazas: 60

Contido básico:

- Incendio: conceptos básicos, axentes extintores, equipos de protección contra incendios
- Actuación en caso de emerxencia
- Primeiros auxilios
- Prácticas con lume real: os extintores

Convocatoria:

Actividade formativa organizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 2 de xaneiro, entre a Escola Galega de Administración Pública e Mugatra Sociedade de Prevención S.L.U.

Boas prácticas preventivas no control de agresións ao persoal de atención pública. CV15021

Obxectivos:

Formar o persoal para identificar aqueles aspectos das actividades nos que poida enfrontarse con potenciais actos de violencia, ante os cales deberá de desenvolver unha serie de condutas de asertividade, empatía protección e autodefensa que permitan reducir o nivel de tensión do suposto agresor, para así reconducir a situación evitando por iso a agresión ou polo menos atenuando o seu nivel de gravidade, consolidando así uns hábitos de seguridade no traballo fronte a un risco, ás veces menosprezado, nos labores de atención ao público.

Destinatarios:

Persoal do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Administración xeral da Xunta de Galicia e persoal de Mugatra Sociedad de Prevención, SLU.

Desenvolvemento:

Duración: 5 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, 25 de xuño

Prazas: 30

Contido básico:

1. Introducción e obxectivos
2. Concepto de violencia laboral e tipos
3. Necesidade dun protocolo de actuación
4. Avaliación e identificación dos riscos de agresión
5. Detección de persoas e situacións que poidan desembocar nunha agresión
6. Asertividade e empatía na atención ao cliente
7. Técnicas para mediar cun cliente agresivo
8. Medidas de prevención: medidas de mellora do ámbito laboral, medidas relativas aos procedementos de traballo, medidas relativas á seguridade activa e pasiva
9. Que facer ante unha agresión?: antes, durante e despois
10. Casos prácticos

Convocatoria:

Actividade formativa organizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 2 de xaneiro, entre a Escola Galega de Administración Pública e Mugatra Sociedade de Prevención S.L.U.

Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft Office 2010). CV15022

Obxectivos:

Proporcionar coñecementos avanzados no procesador de textos Word.

Destinatarios:

Persoal do Concello da Coruña

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01 e T02: do 1 ao 30 de outubro

Prazas: 100

Contido básico:

1. Formatos avanzados
2. Tabulacións
3. Estilos
4. Cabeceiras, pés de páxina e notas no pé
5. Táboas
6. Combinar correspondencia
7. Configuración avanzada
8. Manexo de macros e accións importantes do Word

Convocatoria:

Actividade formativa organizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 2 de xaneiro de 2015, entre a Escola Galega de Administración Pública e o Concello da Coruña.

Perfeccionamento de xefatura de negociado. CV15023

Obxectivos:

Contribuír a unha maior capacitación dos funcionarios na Administración local, co fin de optimizar as súas aptitudes e actitudes profesionais para a mellora da xestión e da prestación dos servizos públicos.

Destinatarios:

Administrativos (grupo C1 da Administración xeral) do Concello da Coruña.

Desenvolvemento:

Duración: 80 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 8 de setembro ao 26 de novembro

Prazas: 50

Contido básico:

- Procedemento administrativo
- Iniciación á Administración electrónica e seguridade da información e protección de datos
- Cambio e motivación
- Xénero e igualdade nas administracións públicas
- Técnicas para unha boa redacción dos documentos administrativos

Convocatoria:

Actividade formativa organizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 2 de xaneiro de 2015, entre a Escola Galega de Administración Pública e o Concello da Coruña.

A Coordinación dos servizos sociais comunitarios, da atención primaria de saúde e do sistema educativo coa rede galega de Atención Temperá. CV15024

Obxectivos:

A coordinación dos servizos sociais comunitarios, da atención primaria de saúde e do sistema educativo coa rede galega de atención temperá.

Destinatarios:

- Empregados públicos das consellerías de Traballo e Benestar, Sanidade e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que interveñan con menores de 0-6 e profesionais dos servizos sociais comunitarios responsables do programa de intervención familiar.
- Profesionais técnicos/as dos servizos sociais comunitarios, preferentemente profesionais con responsabilidades no programa de intervención familiar municipal.
- Profesionais da rede de escolas infantís de Galicia dependentes das distintas administracións públicas.
- Profesionais dos equipos de atención temperá dependentes de: servizo sociais municipais, da Consellería de Traballo e Benestar e/ou do Sergas da pediatría e ou de enfermería, en activo, en centros de atención primaria do SERGAS.
- Profesionais do sistema educativo que estean en activo na atención a menores de 0-6 anos.
- Profesionais dos centros de menores, da Xunta de Galicia, con prazas para menores de 6 anos, que interveñan con familias e menores.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 19 ao 21 de outubro

Prazas: 25

Contido básico:

- Introducción: breve referencia ao protocolo de coordinación en atención temperá.
- A primeira noticia, o afrontamento. Procedementos profesionais, as vivencias e necesidades das familias cando se lles informa de que o seu fillo/a ten un trastorno do desenvolvemento ou risco de padecelo.
- O vínculo afectivo: unha base segura aplicada á atención temperá.
- As boas e malas prácticas en atención temperá.
- Papel dos profesionais dos servizos sociais comunitarios e do programa de

intervención familiar, en relación coas necesidades familiares vinculadas aos trastornos de desenvolvemento infantil.

Convocatoria:

Actividade formativa organizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 1 de xuño de 2015, entre a Escola Galega de Administración Pública e as Consellerías de Traballo e Benestar, Sanidade e Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A rede galega de atención temperá. Desenvolvemento e marco normativo. CV15025**Obxectivos:**

Dar a coñecer o novo marco normativo de atención temperá en Galicia aos profesionais dos tres sistemas de protección: sanidade, educación e servizos sociais.
 Dar a coñecer o protocolo de coordinación da atención temperá de Galicia
 Responder á demanda de formación, en materia de atención temperá.
 Trasladar aos profesionais o procedemento de actuación en casos de situacións relacionadas co normal desenvolvemento dos menores.
 Dar información sobre a rede de atención temperá existente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Destinatarios:

- Empregados públicos das Consellerías de Traballo e Benestar, Sanidade e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que interveñan con menores de 0-6 e profesionais dos servizos sociais comunitarios básicos e específicos.
- Profesionais técnicos en activo, nos servizos sociais comunitarios, preferentemente con responsabilidades no programa de intervención familiar municipal.
- Profesionais técnicos/as de escolas infantís públicas, dependentes da Administración local e/ou autonómica .
- Profesionais da pediatría, de enfermería ou de traballo social, en activo, en centros de atención primaria do SERGAS.
- Profesionais do sistema educativo que estean en activo, na atención a menores de 0-6 anos.
- Profesionais dos centros de menores, da Xunta de Galicia, con prazas para menores de 6 anos que interveñan con familias e menores.

Desenvolvemento:

Duración: 5 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 4

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, 24 de setembro

Lugo, 30 de setembro

Ourense, 1 de outubro

Pontevedra, 8 de outubro

Prazas: 100

Contido básico:

Breve recorrido histórico sobre a Atención Temperá. Da estimulación precoz a atención temperá. Diferenzas básicas entre os distintos modelos de intervención. Marco normativo da atención temperá en Galicia. Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede Galega de Atención Temperá.

Convocatoria:

Actividade formativa organizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 1 de xuño de 2015, entre a Escola Galega de Administración Pública e as Consellerías de Traballo e Benestar, Sanidade e Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O proceso de actuación en atención temperá: a intervención técnico profesional. CV15026**Obxectivos:**

Dar resposta á demanda de formación dos profesionais dos servizo sociais, sanitarios e educativos relacionados coa intervención con menores de 0-6 anos e as súas familias; analizar os distintos modelos de intervención en AT; promover a interacción dos profesionais e intercambiar información sobre os modelos, utilizados actualmente na intervención en AT; afondar nas estratexias de intervención mais operativas na A.T.

Destinatarios:

Empregados públicos das consellerías de Traballo e Benestar, de Sanidade, de Educación, así como profesionais dos equipos de atención temperá dos servizos sociais comunitarios municipais; profesionais, en activo, dos equipos interdisciplinarios de atención temperá dependentes de: servizos sociais municipais, da Consellería de Traballo e Benestar e do SERGAS e profesionais do sistema educativo que interveñan nos aspectos do desenvolvemento persoal de menores de 0-6.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 18 ao 20 de novembro

Prazas: 25

Contido básico:

Breve referencia ao marco normativo. O decreto 183/2013 polo que se crea a Rede galega de AT e o protocolo de coordinación, intervención e derivación.

A evolución da AT. Da experimentación á sistematización e avaliación. Metodoloxía de traballo en atención temperá desde os equipos interprofesionais de intervención profesional. Fases da intervención profesional en A.T. Acollida, valoración, intervención, avaliación e altas e derivacións. Coordinación intra e interinstitucional: importancia do coidado dos aspectos colaborativos e de coordinación no procesos de A.T. Acreditación e avaliación dos procesos.

Convocatoria:

Actividade formativa realizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 1 de xuño de 2015, entre a Escola Galega de Administración Pública e as consellerías

Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (contorno Windows). CV15028**Obxectivos:**

Realizar unha aproximación ao funcionamento dos sistemas operativos, redes intranet e internet e xestores de correo electrónico no entorno Windows.

Destinatarios:

Persoal da Administración local de Galicia e en caso de vacantes persoal da Administración autonómica e do Estado.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 14 de setembro ao 14 de outubro

Prazas: 20

Contido básico:

Módulo 1 - Introducción ao ordenador (Hardware e Software)

Módulo 2 - Utilización básica do Sistema Operativo

Módulo 3 - Personalizar o ámbito

Módulo 4 - Introducción a internet

Módulo 5 - Navegación pola World Wide Web

Módulo 6 - Utilización e configuración do correo electrónico

Módulo 7 - Transferencia de ficheiros FTP

Convocatoria:

Actividade formativa realizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 2 de xaneiro de 2015, entre a Deputación Provincial de Ourense e a Escola Galega de Administración Pública.

Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft Word 2010). CV15029

Obxectivos:

Coñecer a aplicación informática de tratamento de textos Microsoft Word 2010 e o seu manexo.

Destinatarios:

Persoal da Administración local de Galicia e en caso de vacantes persoal da Administración autonómica e do Estado.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 26 de outubro ao 25 de novembro

Prazas: 20

Contido básico:

Módulo 1 - Introducción a Word
 Módulo 2 - Formato de texto e páxina
 Módulo 3 - Inserción de imaxes e táboas
 Módulo 4 - Combinar correspondencia
 Módulo 5 - Revisión, coautoría e control de cambios de documentos

Convocatoria:

Actividade formativa realizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 2 de xaneiro de 2015, entre a Deputación Provincial de Ourense e a Escola Galega de Administración Pública.

Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft Office 2010). CV15030

Obxectivos:

Proporcionar coñecemento práctico avanzado na folla de cálculo Excel.

Destinatarios:

Persoal da Administración local de Galicia e, en caso de vacante, persoal de Administración autonómica e estatal.

Desenvolvemento:

Duración: 50 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 7 de setembro ao 15 de outubro

Prazas: 20

Contido básico:

Módulo 1 - Introducción a Excel
 Módulo 2 - Follas de datos. Celas e rangos
 Módulo 3 - Formatos
 Módulo 4 - Fórmulas e funcións
 Módulo 5 - Imaxes e obxectos
 Módulo 6 - Gráficas
 Módulo 7 - Traballo con datos
 Módulo 8 - Macros e plantillas
 Módulo 9 - Impresión
 Módulo 10 - Utilidades de Excel

Convocatoria:

Actividade formativa realizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 2 de xaneiro de 2015, entre a Deputación Provincial de Ourense e a Escola Galega de Administración Pública.

Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (Microsoft Office 2010). CV15031

Obxectivos:

Proporcionar uns coñecementos introdutorios no manexo do xestor de bases de datos relacionais.

Destinatarios:

Persoal da Administración local de Galicia e, en caso de vacantes, persoal da Administración autonómica e do Estado.

Desenvolvemento:

Duración: 50 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 19 de outubro ao 26 de novembro

Prazas: 20

Contido básico:

Módulo 1 - Introducción ás bases de datos e a Microsoft Access 2010

Módulo 2 - Bases de datos avanzadas

Módulo 3 - Formularios en Microsoft Access 2010

Módulo 4 - Consultas en Microsoft Access 2010

Módulo 5 - Informes en Microsoft Access 2010

Convocatoria:

Actividade formativa realizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 2 de xaneiro de 2015, entre a Deputación Provincial de Ourense e a Escola Galega de Administración Pública.

Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información (Microsoft Powerpoint 2010). CV15032

Obxectivos:

Coñecer a aplicación informática para presentacións: gráficas de información Microsoft Powerpoint 2010 e o seu manexo.

Destinatarios:

Persoal da Administración local de Galicia, e en caso de vacante persoal de Administración autonómica e estatal.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 30 de novembro ao 30 de decembro

Prazas: 20

Contido básico:

Módulo 1 - Coñecendo o Powerpoint

Módulo 2 - Presentación de información

Módulo 3 - Decorando as presentacións

Módulo 4 - Efectos especiais e publicación

Convocatoria:

Actividade formativa realizada ao abeiro do convenio de colaboración asinado, o 2 de xaneiro de 2015, entre a Deputación Provincial de Ourense e a Escola Galega de Administración Pública.

Conservación e explotación de estradas. CV15033**Obxectivos:**

Formación en materia de vixilancia de obra nova e de conservación contratada pola Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) así como labores de explotación de estradas (vixilancia do dominio público de estradas, etc.).

Destinatarios:

Persoal laboral e persoal estatutario (camiñeiros do Estado) da AXI coa categoría de legoeiro.

No caso de non cubrirse as prazas con este persoal, poderá entrar persoal da AXI doutras categorías.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 3 de novembro ao 3 de decembro

Prazas: 40

Contido básico:

1. Uso e defensa das estradas; 2. Seguimento e control xeométrico de explanacións, obras de drenaxe transversal e lonxitudinal, estruturas e firmes. 3. Introducción á vixilancia de obras, explotación e conservación; 4. Sinalización horizontal e vertical. 5. Sistemas de contención; 6. Principios xerais en materia de seguridade e saúde aplicables a actuacións en estradas; 7. Formigón, rocas e solos; 8. Escavacións, recheos, drenaxe e subbases; 9. Firmes bituminosos

Convocatoria:

O curso foi organizado en virtude do convenio de colaboración asinado, o 2 de xaneiro de 2015, entre a Escola Galega de Administración Pública e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Curso superior técnico de Urbanismo 2015-2016. CV15034**Obxectivos:**

Adquirir os coñecementos teórico-prácticos e habilidades que capaciten ao alumnos para actuar no mundo da ordenación do territorio e do urbanismo e responsabilizarse dos procesos de xestión do chan. Para ese efecto, partirase da análise e do estudo pormenorizado da normativa de ordenación do territorio e urbanística, con especial atención á autonómica galega, combinando o estudo dos fundamentos teóricos cunha completa formación práctica que se fai imprescindible no ámbito da ordenación do territorio e do urbanismo.

Destinatarios:

Profesionais que se encadren nalgunha das situacións seguintes:

1. Pertencer ao grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
2. Pertencer aos grupos I e II do persoal laboral.
3. Ser arquitecto colexiado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
4. Persoal contratado polas Administracións públicas cun contrato de servizos ou equivalente, así como os profesionais que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitectos, enxeñeiros, arquitectos técnicos e enxeñeiros técnicos.

Desenvolvemento:

Duración: 350 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 1 de outubro ao 30 de xuño de 2016

Prazas: 40

Contido básico:

Módulo I: a escala territorial

Módulo II: o plan urbanístico

Módulo III: xestión e disciplina urbanística

Convocatoria:

Resolución do 23 de xullo de 2015 (DOG núm. 147, do 5 de agosto).

Curso de contratación administrativa no sector público. CV15035**Obxectivos:**

Coñecer a sistemática da Lei de Contratos do Sector Público, delimitando o ámbito subxectivo e obxectivo da lei. Comprender todos os aspectos procedementais, dende a preparación do contrato ata a extinción deste, prestando especial atención aos requisitos que deben concorrer nas dúas partes dun contrato administrativo. Actualizar os coñecementos dos participantes relacionados coa solvencia e a clasificación contractual. Instruír os participantes no procedemento a través do cal se xera o expediente de contratación e estudo dos documentos básicos que o integran. Comprender os procedementos de selección do contratista por parte da administración e identificar as singularidades en materia de execución respecto á contratación administrativa. Instruír os participantes no réxime de revisión de prezos en contratación administrativa. Estudo tanto das formas en que se produce a extinción dos contratos, coma das causas de nulabilidade e anulabilidade dos contratos. Identificar as peculiaridades dos contratos administrativos de obra, subministración e servizos.

Destinatarios:

- Funcionarios con habilitación de carácter estatal dos grupos A1 e A2, que presten servizo na Administración local de Galicia.
- Persoal técnico das entidades locais que preste servizos nas áreas de administración e de secretaría xeral.
- Funcionarios ao servizo das corporacións locais responsables da xestión técnica e administrativa das entidades locais.
- Profesionais das corporacións locais que realicen labores de asesoramento e xestión en materia de contratación, así como tarefas de organización e coordinación de servizos públicos.
- Traballadores das entidades locais, con responsabilidades na dirección e xestión de unidades administrativas e de servizos.

Desenvolvemento:

Duración: 110 horas

Modalidade: mixto

Edicións: 1

Lugares e datas:

Ourense, do 7 de outubro ao 16 de decembro

Prazas: 35

Contido básico:

1. Disposicións xerais en materia de contratación pública: réxime xurídico dos

contratos administrativos. O contrato.

- 1.1. Introducción.
- 1.2. Obxecto e finalidade da Lei de Contratos do Sector Público.
- 1.3. Ámbito de aplicación.
- 1.4. Ámbito subxectivo.
- 1.5. Negocios e contratos excluídos.
- 1.6. Clasificación dos contratos. Contratos administrativos e contratos privados.
- 1.7. Obxecto dos tipos contractuais.
- 1.8. Contratos mixtos.
- 1.9. Contratos suxeitos a unha regularización harmonizada.
- 1.10. Réxime aplicable aos contratos do sector público.
- 1.11. Xurisdición competente.
- 1.12. Disposicións xerais sobre a contratación do sector público.
- 1.13. Outros elementos do contrato: obxecto, prezo e contía do contrato, forma.

2. As partes do contrato. Órgano de contratación. O empresario. Condicións xerais de capacidade.

- 2.1. A Administración. Organización administrativa para a xestión da contratación.
- 2.2. O empresario.
- 2.3. Unións de empresarios.
- 2.4. Prohibicións de contratar.
- 2.5. Solvencia.
- 2.6. Clasificación das empresas.

3. Actuacións preparatorias do contrato. O expediente de contratación

- 3.1. Disposicións xerais sobre a contratación do sector público.
- 3.2. Preparación dos contratos.
- 3.3. Pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas.

4. A adxudicación dos contratos administrativos. Procedementos de adxudicación.

- 4.1. Procedementos de adxudicación.
- 4.2. Publicidade das licitacións.
- 4.3. Proposicións dos interesados.
- 4.4. Criterios de valoración para a selección do adxudicatario.
- 4.5. Poxa electrónica.

5. A execución dos contratos. Revisión de prezos.

- 5.1. A execución dos contratos.
 - 5.1.1. Modificación dos contratos.
 - 5.1.2. Suspensión dos contratos.

- 5.2. Revisión de prezos dos contratos das Administracións Públicas.
- 6. Extinción do contrato. Cumprimento e resolución. Réxime de invalidez.
 - 6.1. Extinción dos contratos.
 - 6.2. Réxime de invalidez.
- 7. Especial referencia aos contratos de obras.

Convocatoria:

Resolución do 3 de setembro de 2015 (DOG nº 173 do 10 de setembro) e organizado en virtude do convenio de colaboración asinado, o 2 de xaneiro de 2015, entre a Deputación Provincial de Ourense e a Escola Galega de Administración Pública.

Prevención de riscos laborais: Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación. CV15036

Obxectivos:

Formar aos integrantes dos grupos de acción nas medidas de emerxencia dos centros de traballo da Xunta de Galicia segundo sinala a Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, no seu artigo 20.

Destinatarios:

Persoal que presta servizos nos seguintes organismos:

- ISSGA de Lugo
- SMAC de Lugo
- Servizos Veterinarios Oficiais de Saúde Pública de Lugo
- Audiencia Provincial de Lugo
- Xulgados de Lugo
- Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade de Lugo
- Laboratorio de Saúde Pública
- Laboratorio de Sanidade e Producción Animal de Galicia de Lugo

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 3

Lugares e datas:

Lugo, 17 e 18 de setembro

Lugo, 24 e 25 de setembro

